

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 27 de decembro de 2004

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. José Manuel Iglesias Carrera
D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima
D. Carlos Comesaña Abalde

NON ASISTEN:

D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. José Manuel Couto Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas do día vinte e sete de decembro de dous mil catro e baixo a presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a. Corina Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa. Estan presentes, por invitación, o secretario xeral do Pleno, Sr. Riesgo Boluda, e a interventora Sra. Guarner González.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1660).-SENTENZA DO TSXG NO REC. APELACIÓN Nº 88/2004 INTERPOSTO POR D. FRANCISCO MARTÍNEZ MUÑOZ CONTRA SENTENZA DO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DESESTIMATORIA DE RECURSO EN RELACIÓN COS ORZAMENTOS PARA O ANO 2001. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 9.12.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación interposto contra sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo en autos de procedemento abreviado nº 175/01, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto por D. Francisco Martínez Muñoz contra acordo do Pleno do Concello de Vigo de 26.02.01, acordo que desestima a alegación formulada polo recorrente contra o Proxecto de presuposto do Concello de Vigo para o ano 2001 en relación ao complemento específico asignado (nivel 74) ao posto de traballo que desempeña de suboficial da Policía Local. A Sala do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla o seguinte:

“Que con desestimación do recurso de apelación interposto contra a sentenza nº 30/04 de data 21 de xaneiro de 2004 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo en autos do procedemento abreviado nº 175/01, debemos confirmar e confirmamos a mesma; con expresa imposición de custas á recorrente.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da precedente senteza, da que deberá darse conta ao departamento de Persoal e á Policía Local.

2(1661).-SENTENZA DO X. DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 200/2004 INTERPOSTO POLO INSTITUTO GALLEGO DE NUEVAS PROFESIONES E WINTERTHUR CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DE RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta da sentenza de data 30.11.04, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Instituto Gallego de Nuevas Profesiones contra desestimación presunta polo Concello de Vigo, da reclamación patrimonial efectuada pola actora en data 20.01.03, no expediente nº 15153/240-02, por razón dos danos sufridos polo seu vehículo, na noite do 31 de xaneiro de 2002; resolución que confirmo, ao entendela axustada a dereito. Sen condena en custas.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

3(1662).-SENTENZA DO TSXG NO R.C.A. Nº 02/4065/01 INTERPOSTO POLO CONCELLO DE VIGO CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE REC. RESPOSICIÓN CONTRA ACORDO DE COMPENSACIÓN DE SALDOS DEUDORES E ACREDITORES. ESTIMADO PARCIALMENTE.

Dáse conta da sentenza de data 2.12.04, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de referencia, que falla o seguinte:

“Estimamos en parte o recurso contencioso administrativo interposto polo Concello de Vigo contra a resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de 14 de febreiro de 2001, desestimatoria do recurso de reposición deducido contra a de 7 de xuño de 2000 de compensación da cantidade asignada por resolución presidencial nº 5.103 de 26 de maio de 2000 ata o límite de 14.420.494.-ptas. con determinadas débedas pendentes de ingreso por parte do Concello de Vigo, acto que anulamos por non ser conforme a dereito en canto ao importe correspondente á partida de “Aportación obras Xurela Bao e C.P. Bao R.P –367/2000”, desestimando o recurso no demais; sen custas.”

A Xunta de Goberno queda enterada do contido da sentenza, da que deberá darse conta aos Servizos Económicos do Concello.

4(1663).-AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO R.C.A. Nº 220/2004 INTERPOSTO POR D. ANGEL REY COSTAS CONTRA DESESTIMACIÓN PRESUNTA RECLAMACIÓN PATRIMONIAL. REMATADO O PROCESO POR SATISFACCIÓN EXTRAPROCESUAL.

Dáse conta do auto de data 30.11.04, dictado polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que acorda o seguinte:

“Acordo o remate do presente procedemento abreviado nº 220/04, por ter sido satisfeitas as pretensións do actor, carecendo de obxecto de continuación sen condena en custas”.

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do auto, do que deberá darse conta ao Servizo de Patrimonio.

5(1664).-INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.506,16 € A FAVOR DA EMPRESA GLOBAL SALES SOLUTIONS LINES S.L. POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 570/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 17.12.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Atención Cidadá, do 20.11.04, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva polo importe de 21.506,16 € con cargo á aplicación presupostaria 463.1.2270600 e recoñecer a obriga a favor da empresa Global Sales Solutions Line S.L. pola prestación do servizo de información telefónica a través do teléfono 010, dende o mes de xuño ao mes de xullo de 2004.

6(1665).-BASES DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL 2005. EXPTE. 11187/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción Social, conformado polo concelleiro-delegado de Asuntos Sociais, a interventora xeral e co conforme xurídico de técnico de Admón. Xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar as Bases do programa de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social 2005 para os centro de gasto 3130 - Benestar Social – e 4123 – CEDRO - , dependentes da Concellería de Asuntos Sociais.

Segundo.- Comprometer o gasto do programa para o exercicio 2005 con cargo ás aplicacións orzamentarias 3130.4800000 e 4123.4800000 por importes de 140.000 euros e 17.525,30 euros, respectivamente.

Terceiro.- Tramitar o expediente como anticipado de gastos, condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente no orzamento do Concello para 2005.

BASES DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS PARA PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL 2005.

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servizos sociais e de promoción e inserción social.

Os servizos sociais municipais, tanto de atención primaria como especializada, traballan co obxectivo de garanti-la atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción. Réxense de acordo cos principios xerais que establece a Lei de servizos sociais 4/93, de 14 de abril, e o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, os servizos sociais municipais prestan unha atención integral á persoa, baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu entorno familiar e comunitario, contando con un conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta as carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin apróbanse as presentes normas de regulamento do procedemento aplicable para o outorgamento das axudas de prevención, asistencia e promoción social o longo do ano 2005, no marco xurídico definido na Lei de Subvencións, aprobada pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, tendo en conta, así mesmo, os acordos plenarios de 30/11/88 e 30/03/89 no que non se opoña ó establecido pola lei.

B A S E S

Primeira.- Obxecto

É o conxunto de disposicións dinerarias individuais, de carácter subsidiario e/ou complementario doutro tipo de recursos económicos previstos na lexislación vixente, suxeitos o cumprimento do obxectivo indicado na base segunda e coma parte do conxunto de intervencións e actuacións específicas necesarias para a prevención, asistencia e promoción social.

Segunda.- Fins das subvencións

- a) *Apoiar a aquelas persoas e familias que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas en relación á alimentación, aloxamento provisional, vestido, educación transporte, formación, atención sanitaria non cuberta polo sistema público, vivenda, necesidades persoais, etc.*

- b) *Evita-las consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos suficientes provoca e que afecten ó normal desenvolvemento das persoas na sociedade.*

Terceira.- Clasificación das prestacións

- a) *Prestacións económicas que serán entregadas en metálico ou talón*
- b) *Prestacións económicas efectuadas a provedores, arrendatarios, subministradores, etc dos usuarios ou beneficiarios do programa.*

Cuarta.- Beneficiarios

O programa de prestacións individuais diríxese a aquelas persoas e familias que se atopan en situación de necesidade social.

As prestacións concedidas teñen un carácter voluntario, temporal e extraordinario e non poderán ser invocadas como precedente.

Quinta.- Procedemento de concesión

A concesión da subvención realizarase de forma directa debido ó carácter excepcional das axudas, baseadas en razóns de interese público, social económico e humanitario que dificultan a convocatoria pública.

Sexta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 4800000 dos programas 3130 -Benestar Social- e 4123 - CEDRO – e bolsas de vinculación correspondentes. Para o exercicio orzamentario 2005 a dotación será a seguinte:

Programa 3130, partida 4800000, importe 140.000 euros

Programa 4123, partida 4800000, importe 17.525 euros

Sétima.- Instrucción do procedemento

Para o establecemento dos conceptos e condicións particulares para acceder ó programa, estarase ó dictame baseado en criterios de igualdade, obxectividade, igualdade a non discriminación, emitido por unha Comisión técnica integrada pola Xefatura de area, a titular da Sección de coordinación e a responsable do programa. Asistirá as sesións da Comisión técnica a responsable da UBAS ou programa que corresponda.

Oitava.- Requisitos

Poderán ser titulares do programa de prestacións individuais tódalas persoas ou unidades familiares comprendidas na base segunda, sen discriminación de ningún tipo e incluso non censadas no Concello.

Novena.-Importe

O importe da prestación será proposto, en cada caso, pola profesional que corresponda dentro dos que sinala a Comisión técnica, importes que poderán variar en calquera momento polo número de demandas, situación das partidas económicas, etc.

Décima.- Comprobación da xustificación da subvención

Toda concesión de prestación económica implicará por parte da profesional correspondente das UBAS ou programa, una valoración técnica breve da situación socioeconómica do beneficiaria que acredite a adecuación da axuda, valoración que, a efectos xustificativos, incluírase no documento de percepción.

Décimo primeira.- Normas de xestión

A profesional responsable da UBAS ou programa, propondrá á Comisión técnica que se establece na Base Sétima, que se reunirá semanalmente, a contía da prestación, a cal decidirá definitivamente e librará, contra a conta habilitada, o efecto correspondente, coa conformidade da Concellería- Delegada.

En casos excepcionais a profesional correspondente e a responsable do programa poderán determinala contía e proximidade do abono en caso de que a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión técnica, a quen se elevara na primeira reunión que se celebre.

Contra a entrega do importe da axuda, e no impreso anexo que contempla a valoración técnica a que se refire a base anterior, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas dúas caras, ou documento de identidade suficiente. No caso de non dispor de documentación aclararase a circunstancia de tal extremo no recadro.

Nos casos en que a axuda sexa para pagar a terceiros –alugueiros, abastecementos de luz, etc.-, achegarase o recibín –anexo I- a factura correspondente.

Nos casos en que a axuda complementa algunha subvención convocada por outra Administración, instruírase o expediente oportuno que se someterá á aprobación da Xunta de Goberno Local. Así mesmo someteranse á consideración da Xunta de Goberno as axudas que superen os 6.000 euros. A Concellería-Delegada é competente para aprobar os gastos que non excedan de seis mil euros.

No caso de prestacións económicas indirectas –aloxamento alternativo, alugueiros, aprovisionamento de mobles, etc., procurarase abona-lo importe á empresa subministradora do servizo, polo que achegarase factura.

O recibín farase chegar ó responsable do programa.

Pola Intervención Xeral, a solicitude dos departamentos de Benestar Social e Cedro, transferirase á conta delegada número 2080 0000 74 0040242619, o importe das cantidades consignadas nas partidas sinaladas.

Décimo segunda.- Obriga dos beneficiarios

- a) Aplica-la prestación á finalidade para a que foi concibida.*
- b) Comunica-los cambios que puideran dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.*

- c) *Reintegra-lo importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.*
- d) *Comunicar calquera cambio de domicilio.*
- e) *Cumpri-las condicións que especialmente lle sexan impostas pola profesional de traballo social correspondente.*

Décimo terceira.- Publicidade das subvencións concedidas

A concesión destas axudas queda exento de publicación por canto, en razón do obxecto da subvención, súa publicidade atentaría contra o respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 6 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e a propia imaxe.

Décimo cuarta.- Seguimento e efectividade das prestacións.

Os Servicios sociais municipais efectuarán o seguimento adecuado do bo fin das prestacións.

7(1666).-PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON MÉDICOS DEL MUNDO PARA O DESENVOLVEMENTO DUN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA SAÚDE. EXPTE. 11094/301

Antecedentes.- Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de data 4 de novembro do técnico do departamento de Benestar Social conformado polo Xefe do Sector de Acción Social e polo Concelleiro-Delegado da Área de Asuntos Sociais, dada a conformidade da Intervención Xeral e a conformidade xurídica, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración con Médicos del Mundo para o desenvolvemento dun Proxecto Outreach de redución de danos e inclusión social de usuarios de drogas na cidade de Vigo.

Segundo.- Aprobar o gasto de 102.000 (cento dous mil) euros, cantidade que suporá a aportación municipal ó proxecto, sendo o importe total do citado convenio. O financiamento será por un importe de 50.000 euros, con cargo á partida 313.0.227.06.08. “Plan Local de Drogas de Benestar Social, neste ano 2004. E de 52.000 euros, na mesma partida no ano 2005.

Terceiro.- Aprobar que, de contar cos medios económicos necesarios e suficientes, se inclúan novas accións no senso do traballo de proximidade, coa localización de outras problemáticas noutros lugares de atención no municipio.

Cuarto.- Aprobar delega-la competencia de asina-lo Convenio entre o Concello de Vigo e Médicos del Mundo para o desenvolvemento dun Proxecto Outreach de redución de danos e inclusión social de usuarios de drogas na cidade de Vigo, dentro dos programas de Prevención, en don Ignacio J. López-Chaves Castro, Concelleiro-Delegado da Area de Asuntos Sociais.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E MEDICOS DEL MUNDO PARA UN PROXECTO DE PROMOCIÓN DA SAÚDE

En Vigo a de decembro de 2004

REUNIDOS

Dunha parte:

Don Ignacio J. López-Chaves Castro, Concelleiro Delegado da Área de Asuntos Sociais, nomeado por Decreto de Delegación da Alcaldía de 2 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno Local do 5 de xaneiro de 2004, en representación do mesmo.

doutra

Dna. M^a Teresa González Galiana, Presidenta da Asociación Médicos del Mundo con DNI : 28.691.047 - L, de acordo coa certificación expedida polo secretario de dita asociación sobre o acordo do nomeamento da xunta directiva de data 11 de xullo de 2004, en representación da mesma.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello de Vigo, e particularmente a Concellería de Benestar Social por ser do seu ámbito de competencia, ten manifestado interés pola prevención do consumo de drogas e a promoción da saúde, que se ven traducindo, dende hai tempo, na asunción de accións encamiñadas non só á prevención senón o tratamento das mesmas, e máis aló, na reinserción. Así no seu momento, asumíu a creación do Centro Municipal de Drogodependencias (CEDRO), e con posterioridade, diversas accións tendentes á promoción de saúde.

2.- Que no traballo desenvolvido, vaise avanzando cara accións máis complexas, como pode se-lo Plan Local de Drogas, que abrangue os eidos da prevención, atención e reinserción.

3.- Que se ven amosando a necesidade de coordinación e cooperación de tódolos implicados nos eidos de atención da problemática das drogodependencias. Destácase, dende a Concellería de Sanidade e Benestar Social, o papel destacado da prevención, no intento de artellar accións conxuntas dos axentes sociais coa finalidade da promoción da saúde.

4.- Que a necesidade de artella-los medios necesarios para intervir na comunidade facendo prevención, colaborando na asistencia e incorporación social, motivou contactos e accións con Médicos del Mundo, no pasado, e a asinatura dalgún convenio de colaboración.

5.- Que se recoñece por parte do Concello de Vigo a capacitación de dita entidade a traveso dos profesionais que nela traballan, como os máis idóneos para executar diversos programas de promoción da saúde,

e segundo o manifestado con anterioridade, recoñecéndose expresamente ámbalas dúas partes capacidade de obrar para afronta-las accións motivo de convenio, acordan subscribi-lo presente de acordo coas seguintes

CLAUSULAS

Condições Básicas:

Primeira : Obxecto - O Obxecto do presente convenio é establecer un marco de colaboración para a realización de proxectos e programas de prevención e de promoción da saúde, particularmente con usuarios de drogas da cidade, en entornos da mesma.

Segunda : Finalidade - A finalidade do convenio é o desenvolvemento de accións, na modalidade de actividades e proxectos que impliquen á comunidade e particularmente, ó colectivo drogodependente, encamiñadas á prevención, principalmente secundaria e terciaria, segundo un modelo de promoción de saúde. Para elo, desenvolverase o Proxecto Outreach de redución de danos e inclusión social de usuarios de drogas na cidade de Vigo.

(Adxúntase a memoria explicativa como ANEXO 1)

Terceira : Funcións - Médicos del Mundo será a encargada de levar a cabo as accións necesarias para a realización do programa.

Será función do Concello de Vigo facer fronte ós gastos polo importe conveniado. Así mesmo, o seguimento, control e avaliación última da realización dos mesmos, a traveso da Comisión de Seguimento que se contempla na cláusula sexta.

Cuarta : Destinatarios - serán destinatarios do programa motivo do convenio, principalmente, os usuarios de drogas e pacientes de centros de atención a drogodependentes e os dos espazos onde se reúnan e a comunidade do entorno dos mesmos, e por extensión, tódolos habitantes do municipio.

Quinta : Custo e financiamento - O custo da execución do programa ascenderá a 102.000 (CENTO DOUS MIL) euros. Corresponderan 50.000 euros ós gastos a abonar neste ano 2004, e 52.000 euros ós gastos de aboamento no ano 2005. O financiamento do mesmo será con cargo á partida 313.0.227.06.08 "Plan Local de Drogas" neste ano 2004 e a correspondente no ano 2005.

O custo máximo conveniado non poderá ser obxecto de incremento ningún.

Sexta : Comisión de Seguimento - Para o seguimento do convenio, así como para a resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de Seguimento, composta a partes iguais por persoas designadas polo Concello e por Médicos del Mundo, e presidido pola Sr. Concelleiro da Área de Asuntos Sociais.

Como complemento, e de xeito conxunto, o desenvolvemento do presente convenio contará cunha Comisión Técnica de Seguimento formada por técnicos municipais do departamento de Benestar Social e de Médicos del Mundo. Dita comisión terá como cometido avaliar de xeito conxunto o desenvolvemento do proxecto, artella-los medios técnicos apropiados, e reorienta-las actividades e mesmo os proxectos, segundo a evolución do Programa.

Sétima : Difusión do proxecto - a difusión do proxecto, no relativo á súa divulgación nos medios de comunicación, será realizada a iniciativa do Concello de Vigo, con cargo ó custo do programa.

Toda difusión das actividades que se faga deberá contar coa conformidade previa e expresa do Concello.

En toda publicidade das actividades que se desenvolvan deberá aparecer, de xeito visible o logotipo e identificación do Concello de Vigo, así como calquera outro designado polo propio Concello.

Como norma xeral, e de non manifestarse o contrario, todo o relacionado con publicidade en medios de comunicación (notas de prensa, entrevistas, etc.) será competencia do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo será o interlocutor con tódalas institucións ou entidades que participen no programa, e calqueira realización conxunta de actividades ou colaboracións coas mesmas, deberá contar co visto e prace deste Concello.

Oitava : Obrigas de Médicos del Mundo. Polo presente convenio Médicos del Mundo comprométese a:

a - Desenvolve-las actividades que se especifican no proxecto anexo, (presentado por Médicos del Mundo e discutido previamente por técnicos de ambas entidades), atendendo ás orientacións e/ou variacións que se poidan acordar por ambas dúas partes, e segundo as prioridades marcadas dende o Concello.

b - Dispoñe-los medios técnicos, materiais e humanos para o correcto desenvolvemento de aquelas. Médicos del Mundo, desenvolverá o Proxecto contando co persoal técnico adecuado.

c - Encargarse de face-lo pagos das cantidades correspondentes a terceiros no que respecta a publicidade, seguros, material, etc., motivados polas accións emprendidas neste convenio.

d - Comprométese e responsabilizarse de que tódalas actividades desenvolvidas contén cos seguros (sociais, de responsabilidade civil, ...), etc... cara a súa correcta execución.

e - Facilita-la inspección, control, etc. de persoal técnico do departamento de Benestar Social do Concello de Vigo.

f - Presentar ó Concello informes periódicos do desenvolvemento do Proxecto, e un informe de avaliación final completo.

g- Introducir calquera outra acción tendente ó correcto desenvolvemento do mesmo, sempre de acordo coas orientacións xerais do Concello e da Comisión de Seguimento en concreto.

Novena : - Obrigas do Concello de Vigo - Por este convenio, e para o desenvolvemento do mesmo, este Concello de Vigo obrígase a:

a - Artella-los medios técnicos para a orientación, supervisión e avaliación das actividades.

b - Dispoñe-los medios económicos precisos para cubri-los gastos das actividades presentadas, polo importe máximo marcado no presente convenio (102.000.- euros).

Acordos para resolucións, cancelamento ou renovación:

Décima - Como norma última, será o Concello o que teña a capacidade de decisión definitiva no referido ó presente Convenio ou accións nel incluídas, caso de non existir acordo entre as partes.

Undécima - O incumprimento do especificado no clausulado, poderá ser motivo de cancelamento da execución deste convenio, unha vez oída a Comisión de Seguimento.

De ser Médicos del Mundo quen non cumprira o acordado, suporá o cancelamento dos pagamentos pendentes. No caso de non executarse actividades e terse librado de xeito adiantado algunha cantidade, motivará o reintegro da mesma no momento do cancelamento.

Pagamento e xustificación:

Duodécima : Pagamento - o Concello de Vigo abonará unha cantidade inicial de 50.000 euros, ó inicio do proxecto, para facer fronte ós gastos xerados polo comenzo das actividades. Para elo, o funcionario encargado, do Servicio de Benestar Social, certificará a data de comenzo do programa.

O resto do importe da cantidade presupostada, abonarase en dous prazos:

O segundo pago executarase unha vez que se certifique por parte do responsable municipal do Programa de Prevención (ou persoa designada polo Concello), que procede a segunda entrega por terse executado o convenio, cando menos nun 50%, de acordo co proxecto presentado, obxecto do mesmo. Será polo importe de 26.000 euros..

O terceiro e derradeiro pago, por importe restante, 26.000 euros, efectuarase unha vez sexa xustificada a realización da totalidade do proxecto por parte do funcionario referido, tras da presentación por parte de Médicos del Mundo da correspondente memoria final e os debidos xustificantes .

As actividades que non se desenvolvan, producirán un desconto proporcional nas cantidades acordadas do convenio, caso de non ser substituídas por outras segundo acordo da Comisión de Seguimento.

Décimo terceira - a xustificación do gasto farase a traveso do persoal técnico do departamento de Benestar Social que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario encargado do Programa de Prevención será o autorizado a da-lo visto e prace á xustificación da realización das actividades, para o posterior abono, previa presentación das facturas e/ou xustificantes, e de acordo co exposto na cláusula duodécima.

Vixencia:

Décimo cuarta - O presente convenio estará vixente perante este ano 2004 e ata o 31 de decembro de 2005.

Acordo final:

Décimo quinta - Este convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e Médicos del Mundo, poderá ter algunha ampliación nos contidos, actividades, etc., de ser así acordado polos asinantes a través da Comisión de Seguimento.

Deberá respecta-los contidos fundamentais recollidos no presente convenio, e, no caso de que supoña aumento nas cantidades reflectidas no presente convenio deberá facerse constar nunha addenda, informada debidamente polos técnicos municipais, e pola Intervención Xeral cara a verifica-la existencia de crédito adecuado e suficiente.

Estando de acordo ámbalas dúas partes co anteriormente manifestado, asinan o presente convenio en Vigo a de decembro de dous mil catro.

*Dna. M^a Teresa González Galiana,
Presidenta da Asociación
Médicos del Mundo*

*D. Ignacio J. López-Chaves Castro
Concelleiro - Delegado da Área
de Asuntos Sociais*

8(1667).-PAGAMENTO DE ASISTENCIAS DOS REPRESENTATES MUNICIPAIS NOS CONSELLOS ESCOLARES. EXPTE. 6428/332.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico do IME, do 17.12.04, conformado polo concelleiro delegado da Área de Asuntos Sociais e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a cantidade de 3.897,53.-€ (TRES MIL OITOCENTOS NOVENTA E SETE CON CINCOENTA E TRES EUROS) en concepto de asistencias ás sesións dos Consellos Escolares, con cargo á Partida Presupostaria 422.0.233.00.00 de representación en consellos escolares, e desglosadas entre os representantes municipais do seguinte xeito:

Zona 1.- BEATRIZ ALONSO ASENJO, NIF: 35.991.455-C
(13/09/04 – 14/12/04)12 X 42,83.-€ 513,96.-€

Zona 3.- PEDRO M^a VAZQUEZ IGLESIAS, NIF: 11.904.805-M
(22/09/04 – 13/12/04)18 X 42,83.-€ 770,94.-€

Zona 4.- MARÍA LUISA OTERO VÁZQUEZ, NIF: 36.000.484-X
(05/10/04 – 14/12/04)13 X 42,83.-€ 556,79.-€

Zona 5.- ROSA MARÍA TORRES BOUZAS, NIF: 36.019.300-N
(19/10/04 – 14/12/04)2 X 42,83.-€ 85,66.-€

Zona 6.- FELIPE CODESIDO RODRÍGUEZ, NIF: 36.081.823-K
(05/10/04 – 14/12/04)9 X 42,83.-€ 385,47.-€

Zona 7.- JESUS GONZALEZ ROCA, NIF: 35.920.716-Y
(29/09/04 – 02/12/04)13 X 42,83.-€ 556,79.-€

Zona 8.- ALFONSO SILVA LORENZO, NIF: 36.002.568-R
(07/09/04 – 14/12/04) 16 X 42,83.-€ 685,28.-€

Zona 9.- M^a JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, NIF: 36.021.649-S
(07/09/04 – 14/12/04) 8 X 42,83.-€ 342,64.-€

TOTAL ASISTENCIAS 91 X 42,83.-€.....3897,53.-€

9(1668).-DAR CONTA DO INFORME SOBRE A SELECCIÓN DOS/DAS ALUMNOS/AS DO PROXECTO ALICERCE PARTICIPANTES NO ITINERARIO DE MONITOR/A DE TEMPO LIBRE ANIMACIÓN Á TERCEIRA IDADE E DISCAPACIDADE. EXPTE. 2690/077.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe da coordinadora do Proxecto Alicerce, do 13.12.04, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, que di o seguinte:

O Proxecto Alicerce (expte. 2004/077) aprobado pola Comisión de Goberno na súa sesión de 29/09/03 conta cunha axuda económica con cargo á Subvención Global do FSE do Ministerio de Administracións Públicas.

O Proxecto Alicerce pretende elaborar e implementar itinerarios de inserción laboral para a capacitación profesional de persoas desempregadas nos eidos de mediación intercultural, adicións e condutas de risco, lecer e tempo libre na terceira idade e discapacidade e a posta en marcha de iniciativas empresariais relacionadas coa atención ás persoas.

O 3/05/04 a Xunta de Goberno Local aprobou as “Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Alicerce” (achégase copia) polo que seguindo o punto 6 do citado procedemento en data de 13 de setembro de 2004 deuse conta á Xunta de Goberno Local da relación de beneficiarios/as que deron comezo as accións formativas no ano 2004. Posteriormente e seguindo o punto 6 do citado procedemento debe remitirse a listaxe de participantes beneficiarios e suplentes que darán comezo a súa participación no proxecto no ano 2005.

Polo que a continuación e seguindo as “Bases para o procedemento de captación e selección de beneficiarios/as do Proxecto Alicerce” se relaciona ás persoas beneficiarias e suplentes a participar no curso de Monitor de tempo libre + animación en terceira idade e discapacidade do itinerario de Lecer e tempo libre na terceira idade e discapacidade do Proxecto Alicerce.

Estas persoas permaneceran no proxecto sempre e cando non causen baixa por inserción laboral, renunciem ao mesmo ou por calquera outra causa.

ALUMNAS ADMITIDAS NO CURSO DE MONITOR DE TEMPO LIBRE + ANIMACIÓN EN TERCEIRA IDADE E DISCAPACIDADE DO ITINERARIO DE LECER E TEMPO LIBRE NA TERCEIRA IDADE E DISCAPACIDADE

1. Costas Gaspar, Ana Belén
2. Veiga García, Carlota
3. Rial Bernárdez, Irene
4. Pequeño Pereira, Patricia
5. Castro Pita, Ana Belen
6. González Táboas, Estela
7. Gil Janeiro, Yolanda
8. Vázquez Costa, Carlota
9. Castro Blanco, M^a José

10. Trapero Pérez, Ana María
11. Palas Otero, Santiago
12. Alonso Iglesias, Marcos
13. Fernández Vidal, Sandra
14. Estévez Echevarria, M^a del Mar
15. Ibarretxe Martínez, Estibaliz

SUPLENTES

1. Pena Fernández, Nuria
2. Román Fernández, Miriam
3. Gómez López, José
4. Cabaleiro González, M^a Consuelo
5. Rial Casal, Silvia
6. Barreiro Castro, M^a José
7. Caride Alonso, Patricia
8. Fontán Teijeiro, Marta
9. López Garrido, Sonia
10. Ramilo Machado, Mercedes
11. Cuña Pérez, Lydia
12. Sousa Pérez, Esther
13. Cuenca Troncoso, Fernanda
14. Fraga Correa, Beatriz

O que se comunica á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada do contido do precedente informe.

10(1669).- CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2004 NO MARCO DO PLAN DE EMPREGO 2004-2007. EXPTE. 2881/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 2.12.04, coformado pola concelleira delegada de Promoción Económica e Emprego e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Conceder as axudas económicas ós seguintes solicitantes por un importe total de 120.000 euros:

<u>EXP.</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>F.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA</u>
2471	Marta P. Fernández Rivera	X-5196299-R	Autónomo	2203
2547	Marcelino Sánchez Domínguez	36049723 – Y	Autónomo	1403
2670	Anton Viladrich Valledor	36155778 – P	Autónomo	190
2413	ASEDER, C.B.	E – 36923217	C.B.	2060

2577	José Angel Valverde Caride	36031692 – F	Autónomo	2174
2474	VIGOATICO, SLL	B – 36912566	SLL	992
2473	MANA, SC	G – 36907780	SC	1527
2613	Francisco José López Mosquera	36112274 – C	Autónomo	1694
2624	Mª Josefa Sanjosé Vega	36094582 – S	Autónomo	1261
2669	Manuel Pérez Vidal	44495433 – R	Autónomo	2400
<u>EXP.</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>E.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA</u>
2651	Yolanda Vazquez Martínez	36120753 – N	Autónomo	2422
2566	Caroline Ilonka Fransen	X-0724518-H	Autónomo	2429
2559	Mª Alicia Freijeiro González	36083304 – F	Autónomo	2700
2457	MANDIANES DIAZ, SL	34924614 – B	SL	2263
2472	Juan A. Comesaña Figueiras	36111102 – K	Autónomo	2396
2590	SANMARTIN Y SALGADO, CB	E – 36932739	CB	2168
2470	ACADEMIA FORMOSO, SLL	B – 36920916	SLL	1990
2585	Yajaira Castro Pereira	39459725-M	Autónomo	2700
2589	Mª Liliana Crespo Otero	51469466-C	Autónomo	2368
2642	TROVA LIBREIROS, SLL	B-36924454	SLL	2400
2458	Silvia González Rodríguez	36162456-Q	Autónomo	1863
2462	Candida Tamborino Carrera	32768136-J	Autónomo	1849
2498	Claudia A. Cecconi de Barros	X-4670532-Z	Autónomo	2700
2529	Ociotónico, SL	36929966-B	SL	1800
2502	Cristina Martinez Fernández	36131397-F	Autónomo	2700
2539	AUTO CYS, CB	E - 36920635	CB	2400
2499	Mª Teresa Sanles Domínguez	35990465-L	Autónomo	637
2419	Laura Fernández Rodríguez	36010541-Q	Autónomo	679
2542	Alberto Iglesias Barros	36137666-C	Autónomo	710
2510	Manuel Diz Freitas	36021272-Y	Autónomo	2400
2500	Teatro Ensalle, SLL	B – 36920247	SLL	2400
2453	Mª Nieves Costilla Arroyo	36044506-X	Autónomo	2700
2465	Mª Angeles Alvarez Pereira	36103668-Q	Autónomo	2700
2466	Mª Milagros Bascoy Rodríguez	33285558-G	Autónomo	444
2468	Juan Carlos Alonso Salgueiro	36141609-F	Autónomo	2400
2469	SOLUCIONES INGENIERIA RENOVABLES, SL	B – 36935559	SL	2329
2550	Juan A. Loureiro Fontan	36096572-G	Autónomo	1897
2561	Analía Alcía Solís	X-4491681-B	Autónomo	1090
2588	Ismael F. Montoro Torres	39455745-G	Autónomo	2320
2592	Patricia López Carreira	36122719-T	Autónomo	1167
2461	Cesar Alvarez Nuñez	34601974-S	Autónomo	1508
2531	José Luis Vazquez	X-3675411-B	Autónomo	1174
2423	Jesús Sánchez Fernández	75348503-C	Autónomo	2400

2452	David Cid Simal	53180943-K	Autónomo	1958
2421	Mª Purificación Collazo Queiros	36105917-B	Autónomo	2583
2422	Edelmiro Freiria Serodio	36135710-C	Autónomo	1022
2610	LABORFIS, SLL	B-36938058	SLL	2440
2612	Mª José Leston Murray	36094371-B	Autónomo	2700
2623	Diego Freire Collazo	36100854-P	Autónomo	514
<u>EXP.</u>	<u>EMPRESA</u>	<u>NIF/CIF</u>	<u>F.XURIDI.</u>	<u>CONTÍA</u>
2548	Patricia Dios Coto	36119036-C	Autónomo	2700
2487	SOLYCIA, SL	B-36910116	SL	1672
2475	Mª Jesús Martínez Martínez	35464009-X	Autónomo	1492
2595	VAZQUEZ ALFAYA LUCIA; SLNE	B-36935658	SLNE	2700
2501	Mª Rosa Meneses Estévez	36029124-S	Autónomo	2494
2530	OPTICA LA GUIA, CB	E-36934404	CB	2700
2436	Susana Gutierrez Fontal	36059872-N	Autónomo	2700
2668	UN CAPRICH0 DE VERANO,SL	B-36925436	SL	2700
2625	AYOYOA, CB	E-36926988	CB	2658
2674	Eugenia Alvarez González	X-1272011-L	Autónomo	2260
2455	Guadalupe Miranda Oliveira	36066423-P	Autónomo	2700

2º.-Denegar as seguintes solicitudes, unhas por non acadar a puntuación mínima por riba da cal se concederon as axudas ata esgotar o presuposto dispoñible, e outras por non cumprir os requisitos esixidos:

EXP.	EMPRESA	NIF/CIF	F. XUR.
2633	Patricia Arias Campo	36148897-G	Autónomo
2609	Inforgago, S.L.	B-36933059	S. L.
2634	Laser Vigo, S.L.	B-36922276	S. L
2632	Tutto C.B.	E-36928216	C. B.
2535	Siete Mares comunic., S.L.	B-36935369	S. L
2601	Guillermo A. Barreiro Vázquez	36058919-W	Autónomo
2672	Abelenda y Comesaña Bureau,S.L.	B-36927135	S. L
2582	Centro de Estudios Pasantia,S.L.	B-36935815	S. L
2656	Gonfer Electromecánica, C.B.	E-36929651	C. B.
2600	Eduardo Rodríguez Recio	35475263-V	Autónomo
2460	Carlos Díaz Espada Muñiz	36103047-Q	Autónomo
2424	Mª Cristina Vila Pérez	36112225-V	Autónoma
2662	Gerardo Leirós San Gabriel	36018659-S	Autónomo
2587	Mª Carmen Blanco Martínez	36114208-E	Autónoma
2631	Luz Mª Alvarez Lago	36088753-M	Autónomo
2591	Manuel Angel Estevez Suarez	36095312-D	Autónomo

2441	Celso Fernández Estevez	34625036-P	Autónomo
2630	Rebeca Suarez Carrera	36112511-G	Autónomo
2657	Marko Consultores, SL	B-36922920	S.L.
2378	Silvia Luisa Cordero Costas	36144559-J	Autónomo
2511	Rafael Prado Cruz	36133975-D	Autónomo
2658	Jacobo Rodríguez Caride	36146025-F	Autónomo
2507	José Carlos Correa Rodríguez	36079982-C	Autónomo
EXP.	EMPRESA	NIF/CIF	F. XUR.
2528	Oscar Suarez de la Fuente	36110921-R	Autónomo
2640	Ruben F. Roman Duran	36154012-J	Autónomo
2503	Centro Fisioterapia Rua Ceboleiro	E-36926707	C.B.
2671	José Antonio Gómez González	34915550-D	Autónomo
2545	Agumar, CB	E-36935203	C.B.
2602	Carlos Rigueira Argiz	44456979-A	Autónomo
2558	Santiago y Alonso Asesores, CB	E-36918027	C.B.
2526	Felidario Veloso Alvarez	34928671-C	Autónomo
2524	Mª de La Paz Vila Lamas	36155323-J	Autónomo
2525	Gabriel Mallo Rodríguez	36127524-K	Autónomo
2540	Mª Begoña Alvarez Gómez	35320802-R	Autónomo
2647	Wenceslao Domínguez García	53190027-C	Autónomo
2560	Ricardo Marcelino Casal	36082058-A	Autónomo
2523	Juan Manuel Fojo Cuiñas	35997876-R	Autónomo
2519	Margarita Trigo Miguez	36037703-S	Autónomo
2520	Josefina Picón Vieitez	76932997-K	Autónomo
2544	Francisco A. Iglesias Vieitez	36117772-K	Autónomo
2543	José Manuel Tato Estevez	36127665-R	Autónomo
2541	Alejandra S. Miguez Lorenzo	53194782-Z	Autónomo
2518	Elorratti C.B.	E-36931269	C.B.
2575	Memy Alonso, SL	B-36930022	SL
2620	Pizarranova, SL	B-36932028	SL
2648	librería Universitaria Sur Galicia	B-36932648	S.L.L.
2637	Grupo station Yuste, SL	B-36933042	SL
2538	Celia Fernández Ballesteros	36083775-H	Autónomo
2628	Alen Multimedia, SLL	B-36926780	S.L.L.
2563	Manuel Garcia Villar	76812080-S	Autónomo
2597	Iberlook C.B.	E-36934131	C.Bs.
2454	Montserrat Martínez Gómez	35562462-T	Autónoma
2622	Mª de los Angeles García Alvarez	36068821-Z	Autónoma
2607	Aranzazú Garcia Llorente	36087115-T	Autónoma
2615	Mª Cristina Rodríguez Campo	36037190-P	Autónoma
2626	Ana Isabel Figueroa Novoa	36139167-A	Autónoma

2579	Inversiones Novamérica, S.L.	B-36934974	S.L.
2644	Mª del Mar Cantero Amorín	36122322-V	Autónoma
2638	Mª del Carmen Fernández Fdez.	36074944-C	Autónoma
2596	Francisco Mariño Jimenez	36058296-T	Autónomo
2660	Silvia Ribera Garabatos	53170172-Z	Autónoma
2506	Recoleta Vigo, S.L.	B-36936227	S.L.
2681	Moper Internacional, S.L.	B-36933927	S.L.
EXP.	EMPRESA	NIF/CIF	F. XUR.
2680	Socitel, S.C.	G-36926228	S. Civil
2645	Ana Mª Domínguez Muñoz	36115441-J	Autónomo
2482	Abel J. Vazquez Calviño	76790378-W	Autónomo
2653	Santiago A. Méndez Méndez	36120363-J	Autónomo
2619	Monica Casal Guerra	36109415-J	Autónomo
2618	Alberto Fernández González	39455129-D	Autónomo
2617	Gabriela Ibanez de Pérez Otero	X-4333403-L	Autónomo
2636	Mª José Fuentes Lago	36103606-T	Autónomo
2663	Promotora Asesora Y Montajes De Galicia Siglo XXI, SL	B-36934743	S.L.
2483	Rodríguez y Robes, CB	36061935-M	C.B.
2673	Jorge Luís Gómez Pérez	53194451-M	Autónomo
2659	Manuela Pérez Da Silva	53182168-G	Autónomo
2641	Ortopedia Luycar, CB	36040185-J	C.B.
2605	Cera-Regal, CB	E-36923662	C.B.
2650	Durpla, SL	B-36935120	S.L.
2481	Alberto Dabarca Lorenzo	36093672-W	Autónomo
2646	Virginia Rodríguez Pereiro	39457956-F	Autónomo
2643	Marina Rodríguez Pérez	76705374-Y	Autónomo
2654	Ucha y Arca asociados, SL	35573990-M	S.L.
2661	Miguel Juiz Garcia	36129898-A	Autónomo
2665	Parquets Leirado, CB	E-36924330	C.B.
2676	Maraña, CB	E-36935781	C.B.
2621	José Alvarez Crespo	36097950-W	Autónomo
2608	Diyoun Team-Consultoria Gestoria Administrativa y Asesoría, SL	B-36919017	S.L.
2677	Luisa Vicente Monsalvo	39462026-Y	Autónomo
2616	Ofelia González Raña	34941732-V	Autónomo
2564	One2One Marketing y Comunicación, SL	B-36936979	S.L.
2611	Jorge O. Forero Ramos	X-3727803-D	Autónomo
2652	Instalaciones Domesticas, SL	B-36932572	S.L.
2682	Clara E. David Alfaya	36118046-L	Autónomo

2666	Publi-Car Rent, SL	B-36930691	S.L.
2584	Josefa González Giraldez	36035459-W	Autónomo
2536	Purificación Cabaleiro Rodríguez	36136259-Q	Autónomo
2580	Mª Jesús Casal Barros	53180146-Y	Autónomo
2678	Marta Fernández Costa	53180582-M	Autónomo
2556	Adriana María Martínez	X-4684772-V	Autónomo
2551	Laura García Sánchez	71432720-X	Autónomo
2574	Mario A. Mariñas Iglesias	36118505-H	Autónomo
EXP.	EMPRESA	NIF/CIF	F. XUR.
2594	Roberto C. Posada Vila	36112610-B	Autónomo
2552	Simón Rodríguez Puga	36149097-C	Autónomo
2598	Juan Manuel Martínez Novoa	36143506-H	Autónomo
2555	Elena Segade Guimarais	39455862-Y	Autónomo
2635	Angeles Pérez Ramilo	36125156-E	Autónomo
2554	Diana M. Branner Mouriño	X-1848385-J	Autónomo
2586	María Orio Ibarrondo	36131897-R	Autónomo
2639	Cafeteria Bouza Mar, CB	E-35989125-J	C.B.
2604	Elvira Perez Baz	11708007-H	Autónomo
2562	Carmen Moledo Peixoto	35535756-C	Autónomo
2614	Manuel Mendez Zuñiga	76911428-A	Autónomo
2427	Ivana Alvarez Posada	36143585-M	Autónomo
2409	Yolanda Villar da Rocha	36120396-N	Autónomo
2509	Gomez Besada, SL	B-36458701	S.L.
2627	Lara, CB	36133332-X	C.B.
2599	The Pinga Teatro, CB.	E-36923522	C.B.
2567	A Casa dos peces, SL	B-36920536	S.L.
2565	Florencio Rodríguez Eguren	36143896-V	Autónomo
2606	Odilo Iglesias Meleiro	34623038-B	Autónomo
2537	Canabal Barrio Ingenieria, SL	B-36930329	S.L.
2568	Consuelo Pereira Lois	35990480-B	Autónomo
2629	Sainca Estilistas, SL	B-36936474	S.L.
2603	Antonio Piedrafita Nieto	39457775-X	Autónomo
2572	Rebeca González Conde	36143951-A	Autónomo
2649	Inteligencia y tecnología, SL	B-36932135	S.L.
2655	Belleza Natural EYC	B-36927226	S.L.

11(1670).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO EN EUGENIO KRAFF 28, DAS COTAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN POR TER UN LOCAL EN PROPIEDAD EN DITO INMOBLE. EXPTE. 17011/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

D. Angel Molares Francisco, en nome e representación da Comunidade de propietarios do edificio situado na rúa Eugenio Kraff 28, (antes 30), do cal este Concello de Vigo é propietario do baixo comercial dereito, que representa unha cota de participación do 9,17%, solicita que na súa condición de propietario, contribúa ás cotas de comunidade correspondentes, os anos 2002,2003 e 2004.

O importe dos gastos de comunidade das anualidades anteriormente citadas, son as seguintes:

- Ano 2002..... 84,42 euros.
- Ano 2003..... 51,24 euros.
- Ano 2004.....185,09 euros.

O aumento de gasto que se produce no ano 2004, con respecto as anualidades anteriores, é debido ás obras de reparación de fachadas que se levou a cabo.

O importe de ditos gastos deberán ser aboados polo Concello, xa que segundo o establecido na Lei 49/60, de propiedade horizontal, segundo redacción dada por la Lei 8/99, de 6 de abril, serán imputables a cada un dos propietarios en proporción a cota de participación que éste teña no inmovble, e que segundo a escritura de división horizontal, o Concello de Vigo, como propietario de dito baixo, ten unha cota de participación do 9,17%.

A vista do anterior, proponse previo informe de Intervención a adopción do seguinte acordo:

Aboar á Comunidade de Propietarios do edificio situado na rúa Eugenio Kraff 30, no cal este Concello é propietario dun baixo situado en dito inmovble, que representa unha cota de participación de 9,17%, a cantidade de 320,75 €, correspondente as cotas de comunidade dos anos 2002, 2003 e 2004.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

12(1671).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14, DAS COTAS CORRESPONDENTES Á PARTICIPACIÓN POR TER VIVENDAS EN PROPIEDAD EN DITO INMOBLE. EXPTE. 17161/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.12.04, conformado pola interventora xeral, que di o seguinte:

Pola Comunidade de propietarios, dos inmoibles sitios na Rúa República Argentina, nº 12-14, solicitan, a este Concello de Vigo, o oboamento das cotas de comunidade, que como propietarios de cincuenta vivendas en dito inmovble, adeuda a dita comunidade, polos meses de marzo 2003- agosto de 2004, e que en total ascende a cantidade de 23.510,37 euros.

ANTECEDENTES

Segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de Castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa República Argentina 12-14, e constituíno en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adjudicáronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

As citadas vivendas atopáanse pendentes de inscrición rexistral, como fincas independentes.

Pola Comunidade de propietarios da rúa República Argentina nº 12-14, reclamouse por vía xudicial, o pago das cotas de comunidade que lle corresponden ao Concello, como propietario das cincuenta vivendas, sendo o Fallo de dita reclamación, segundo o Xulgado de Primeira Instancia nº1, estimatorio da mesma, e condenando ao Concello de Vigo a pagar a Comunidade de propietarios as cantidades endebedadas, en base a que se estima a titularidade de ditas vivendas ao mesmo, en virtude da escritura anteriormente citada de data 14 de setembro de 1994.

Por parte deste Concello, considerando que existían motivos para recorrela, presentouse recurso de apelación de apelación, o 30 de abril de 2004, aínda pendente de tramitación e resolución.

A cantidade que se endebedaba nese momento á Comunidade de propietarios, que ascendía a 14.971,63 euros, correspondía ás mensualidades endebedadas desde a constitución de dita Comunidade, ata febreiro de 2003, e polo tanto as cotas que se reclaman no presente escrito, serán a contar a partir desa data, que segundo escrito remitido polo administrador da mesma ascende a 23.510,37 euros, co que a débeda quedaría saldada ata o mes de agosto de 2004.

Segundo informe solicitado a asesoría Xurídica deste Concello, sobre a procedencia ou non do aboamento de ditas cotas, por esta informase que segundo o artigo 21.12 parágrafo 2º, da Lei de Propiedade horizontal, establécese que “se a sentenza condenase o pagamento de cantidades líquidas por incumprimentos de prazos ou cuotas vencidas, terase por deserto o recurso se durante a súa tramitación deixase o recorrente de aboar ou consignar o seu tempo as que da súa mesma índole vaian vencendo”, polo que segundo o precepto transcrito o Concello debe de aboar ou consignar o importe das cotas reclamadas.

Polo anteriormente exponse, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo

Aboar, en concepto de cotas de comunidade polos meses de marzo de 2003 a agosto de 2004, á Comunidade de Proprietarios do inmovible sito na rúa República Argentina nº 12- 14, a cantidade de 23.510,37 euros, procedendo á consignación de dita cantidade e das restantes cotas que vaian vencendo na conta bancaria do Xulgado de 1º instancia de Vigo nº 1, cta. 0030 1871 336140000040778302.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1672).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A FAVOR DE ARIAS HERMANOS CONSTRUCCIONES S.A. POLAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DO POLIDEPORTIVO DE BOUZAS. EXPTE. 291/241.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 15.12.04, a Xunta de Goberno acorda:

Devolver a Arias Hermanos Construcciones S.A. a fianza de 34.877,95 € constituída para responder das obras de construción de Polideportivo en Bouzas, xa que foron recibidas mediante acta de 14.04.03 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía.

14(1673).- BAIXA NO INVENTARIO MUNICIPAL DA MÁQUINA FIAT FL 10 B (PARQUE MÓBIL) E AUTORIZACIÓN PARA ENAXENACIÓN PARA CHATARRA. EXPTE. 17166/240.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Negociado do Servizo de Contratación, do 16.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, que di o seguinte:

O xefe do Parque Móbil informa da existencia de unha máquina Fiat FL 10 B que dada a súa antiguidade (26 anos) e estado de deterioro están retirados do servicio e propón a súa enaxenación para chatarra.

O artigo 6-4º do Regulamento de Bens das Entidades Locais considera como efectos non utilizables todos aqueles bens que polo seu deterioro ou deficiente estado de conservación resultaren inaplicables ós servicos públicos ou o normal aproveitamento, atendida a súa natureza e destino, aínda que os mesmos non foran ados de baixa no Inventario.

Por último a Xunta de Goberno celebrada o 24-05-2004 prorrogou ata o 30-05-2005 o contrato suscrito con Autodesguaces Vigo, S.L. para o alleamento de vehículos e outros materiais que se produza para chatarra por un prezo por Kg de 0,0488 euros.

A vista das anteriores consideracións, proponse a Xunta Local de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Dar de baixa no Inventario do Concello de Vigo a máquina Fiat FL 10 B xa que pola súa antiguidade resultan inaplicables ós servicos públicos e autoriza-la súa enaxenación para chatarra a favor de Autodesguaces Vigo S.L. a razon de 0,0488 euros Kg.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1674).- RECLAMACIÓNS DE DANOS:

a) D^a TEODORA BARROS SENDÓN. EXPTE. 16500/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 13.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Teodora Barros Sendón por danos persoais a consecuencia dunha caída sufrida por un bache na calzada, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 9.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 17.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Teodora Barros Sendón por non corresponder ao Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

b) D. ANASTASIO GONZÁLEZ DE LA HERA. EXPTE. 13776/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 21.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D. Anastasio González de la Hera por danos persoais a consecuencia dunha caída sufrida polas malas condicións e mal alumado na beirarrúa da Travesía del Puente Romano, visto o informe favorable do Consello Consultivo de Galicia do 2.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Don Anastasio González de la Hera por non corresponder ao Concello de Vigo responsabilidade patrimonial ao por non resultar probado o dano.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

c) D^a. DOLORES MARTÍNEZ MARTÍNEZ. EXPTE. 12650/240. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 24.9.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Dolores Martínez Martínez por danos ocasionados por unha caída sufrida na rúa Pizarro a consecuencia dun burato sin sinalizar preparado para prantar unha arbore, visto o informe

favorable do Consello Consultivo de Galicia do 2.12.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 14.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Desestimar a reclamación de Dona Dolores Martínez Martínez por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por non estar probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento do servizo público”.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

d) D^a ESPERANZA SEGADE DÍAZ. EXPTE. 13107/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 4.10.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Esperanza Segade Díaz por danos ocasionados por unha caída sufrida na rúa Coruña a consecuencia dun burato existente por falta de lousas na vía, visto o informe desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 23.11.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 13.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Esperanza Segade Díaz e indemnizala coa cantidade de 643,82 euros.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

e) D^a. REMEDIOS PRIETO DÍAZ. EXPTE. 15367/240. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta da técnica de Admón. Xeral do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 28.09.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, en relación coa reclamación de D^a Remedios Prieto Díaz por danos ocasionados por unha caída sufrida na rúa Gran Vía debido ao mal estado da beirarrúa, visto o informe desfavorable do Consello Consultivo de Galicia do 23.11.04 e de acordo co informe-proposta da devandita técnica de Admón. Xeral, do 13.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno, acorda:

1º.- Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dna. Remedios Prieto Díaz e indemnizala coa cantidade de 2.336,61 euros.

2º.- Comunicar o acordo ao Secretario do Consello Consultivo de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 59-1 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Consultivo de Galicia, e aos efectos do previsto no artigo 33.l.i do devandito Regulamento.

16(1675).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA PÓLIZA DE SEGURO DA FLOTA DO CONCELLO. EXPTE. 2952/445.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 8.11.04 aprobou o expediente de contratación dunha póliza de seguro de vehículos a motor do Concello de Vigo.

Con data 7.12.04 o titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 224 e no BOP nº 223 de datas 17 e 18 de novembro do presente ano, presentouse unha única oferta correspondente a Groupama Plus Ultra.

Na Mesa de Contratación realizada o 7.12.04 procedeuse á apertura da documentación presentada, admitíndo a oferta e pasándoa a informe do xefe do Servizo do Parque Móbil, que foi emitido o 13.12.04 propoñendo a adxudicación a Groupama Plus Ultra.

O 20.12.04 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno que figura na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Groupama Plus Ultra Seguros y Reaseguros, S.A. o concurso para a contratación da póliza de vehículos a motor do Concello de Vigo por un importe total de 278.168,98 euros. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 08.11.2004 e a oferta presentada.

17(1676).- ADXUDICACIÓN DO CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DO ALUGER DE MAQUINARIA CON OPERADOR PARA O SERVIZO DE VÍAS E OBRAS. EXPTE. 42363/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 11.10.04 aprobou o expediente de contratación de aluguer de maquinaria con operadores para o Concello de Vigo (Servizo de Vías e Obras).

Con data 29.11.04 o titular do Órgano de apoio á Xunta de Goberno local certifica que durante o prazo sinalado nos anuncios publicados no DOG nº 215 e no BOP nº 219 de datas 4 e 12 de novembro do presente ano respectivamente, presentouse unha única oferta correspondente a Sercosa.

Na Mesa de Contratación realizada o 7.12.04 procedeuse á apertura da documentación presentada, admitíndo a oferta e pasándoa a informe do Servizo de Vías e Obras, que foi emitido o 15.12.04 polo enxeñeiro xefe de dito Servizo propoñendo a adxudicación a Sercocysa.

O 20.12.04 a Mesa de Contratación formula a proposta de adxudicación á Xunta de Goberno que figura na parte dispositiva deste acordo, conformada pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Adxudicar a Sercocysa Galicia, S.A. o concurso para a contratación do aluguer de maquinaria con operador para o servizo de Vías e Obras por un importe total de 108.000 euros e unha baixa respecto dos prezos unitarios do 7%. Todo iso de acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 11.10.04 e a oferta presentada.

18(1677).- MODIFICACIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DE DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL DO CENTRO DE ARTESANÍA TRADICIONAL. EXPTE. 2520/307.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do xefe de Negociado do Servizo de Patrimonio e Contratación, do 1.12.04, conformado polo xefe de Réxime Interior, o concelleiro de Patrimonio Histórico e a interventora xeral, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno adxudicou a Van Divulgación Cultural, S.L. o concurso para a prestación do servizo de Xestión e Dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional de Vigo por un importe anual de 44.146 euros.

O xefe do servizo de Patrimonio Histórico en informe que se achega no expediente expón as novas necesidades que motivan a modificación do devandito contrato no sentido de Incorporar entre os servizos a prestar polo contratista o de Coordinación da Casa do Cesteiro. A ampliación do contrato terá un custo anual de 18.253,44 euros.

O artigo 101 da Lei de contratos das Administracións Públicas establece que o órgano de contratación só poderá introducir modificacións por razóns de interese público nos elementos que integren o contrato sempre que sexan debidas a necesidades novas ou causas imprevistas, xustificándoo debidamente no expediente.

O aumento de gasto que implica a modificación contractual pode imputarse a partida 4531.227.06.01. do presuposto do ano 2005 e sucesivos.

No expediente consta a conformidade do representante de Van Divulgación Cultural, S.L. coa modificación proposta do contrato.

Por iso, previo informe da Intervención Xeral, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- *Modificar o contrato de Xestión e Dinamización sociocultural do Centro de Artesanía Tradicional, adjudicado á empresa VAN Divulgación Cultural, S.L. por acordo da Xunta de Goberno Local de 21-06-2004 no sentido de incorporar entre os servizos a prestar polo contratista o de Coordinación da Casa do Cesteiro, que inclúiran as seguintes prestacións:*

- *Programación e coordinación das actividades formativas da casa do Cesteiro, titorización do alumnado e supervisión e avalización dos monitores de formación*
- *Desenvolvemento da investigación no ámbito da cestería tradicional*
- *Promoción das actividades da Casa do Cesteiro cara ó sector artesano en particular, Casco Vello, entidades, institucións e cidadáns en xeral.*
- *Control da conservación, catalogación e proposta de novas adquisicións das pezas correspondentes á exposición permanente da Casa do Cesteiro.*

2º.-*Para a prestación do servizo, a empresa VAN Divulgación Cultural, S.L. destinará como mínimo a un profesional a maiores dos xa asignados para a xestión do CAT no contrato primitivo, con coñecementos e experiencia abonda no oficio da cestería e na supervisión docente, cunha dispoñibilidade mínima para o Concello de 20 horas semanais durante tódolos meses do ano, sexan con presenza na Casa do Cesteiro, no CAT ou no Servizo de Patrimonio Histórico, en función das necesidades e programación.*

3º.- *A prestación deste servizo iniciárase co ano 2005 e rematará co remate do período de vixencia do contrato primitivo.*

4º.- *O contratista percibirá como contraprestacións á modificación do contrato a cantidade anual de 18.253,44 euros que se imputaran á partida 4531.227.06.01. do presuposto do ano 2005 e sucesivos.*

5º.- *A presente modificación formalízase en documento administrativo de acordo co disposto no artigo 101-2 e 54 do Texto Refundido da Lei de Contratos Administrativos.*

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

19(1678).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A REDACCIÓN DE PROXECTOS PARA A CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS. EXPTE. 42214/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión do 20.09.04 aprobou o expediente de contratación da asistencia técnica á Concellería de Servizos Xerais para a redacción de proxectos e conseguíntes propostas para captación de fondos europeos e apoio ao establecemento de redes de socios transaccionais para esa captación.

En sesión do 15.11.04 acordou “declarar deserto o procedemento negociado para a contratación da asistencia técnica para a redacción do proxecto básico e de execución para a redacción de proxectos e coas

consequentes propostas para a captación de fondos europeos e apoio ao establecemento de redes de socios transaccionais para esa captación por non se ter admitida a única proposta presentada.”

Con data 29.11.04 a Xunta de Goberno aproba o procedemento negociado sen publicidade para a selección do adxudicatario para a contratación do devandito expediente.

O titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse unha única oferta a nome de Eosa.

A Mesa de Contratación en sesión de 20.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada admitindo a oferta e pasándoa ao Area de Servizos Xerais para informe e proposta ao órgano de Contratación.

O Coordinador de Área de Servizos Xerais, o 22.12.04, emite informe formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo, conformada polo concelleiro de dita Área e pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa devandita proposta corda:

Adxudicar a contratación da redacción de proxectos e captación de fondos europeos e apoio ao establecemento de socios transnacionais para esa captación á empresa EOSA por un importe de 29.000 Euros, IVE engadido.

20(1679).- DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN. EXPTE. 41373/250.

Antecedentes

A Xunta de Goberno en sesión de 22.11.04 declarou deserto o concurso para a subministración de materiais de construción para o servizo de Vías e Obras, aprobando un procedemento de negociado sen publicidade para a súa contratación.

Con data 10.12.04 o titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local certifica que durante o prazo sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse unha única oferta a nome de Transportes Pablo Val S.L.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada, non admitindo a oferta por non acreditar solvencia técnica e formulando, polo tanto, a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, acorda:

Declarar deserto o procedemento negociado para a subministración de materiais de construción para o servizo de Vías e Obras e proceder a unha nova convocatoria de procedemento negociado.

21(1680).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVICIO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE NOVEMBRO DE 2004. EXPTE. 15472/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 17-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comeza por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondentes ó mes de NOVEMBRO-2004, e que ascenden a un total de 586'50 € (CINCOCENTOS OITENTA E SEIS EUROS CON CINCOENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.10.151.00.00-Gratificacións.

22(1681).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DA POLICÍA LOCAL QUE PRESTOU SERVIZO DE GRAN GALA CON MOTIVO DA RECEPCIÓN AO PRESIDENTE DA XUNTA. EXPTE. 15471/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 17-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais prestados con motivo da “Recepción ó Presidente da Xunta”, aboarase o persoal da Policía Local que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don David Campos Cereijo e rematan por don Rubén García Caride, por unha cantidade total de 228'44 € (DOUSCENTOS VINTE OITO EUROS CON CORENTA E CATRO CÉNTIMOS).

23(1682).- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL QUE PRESTOU SERVICIOS PROVISIONALMENTE NO MERCADO DO PROGRESO E NON DISFRUTOU DA XORNADA DE VERÁN DURANTE OS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2004. EXPTE. 15474/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 17-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Aboar ó persoal que prestou provicionalmente servicios no mercado do progreso durante os meses de xullo e agosto de 2004, segundo resolución da alcaldía de data 30 de xuño de 2004, os importes que figuran para cada un dos funcionarios relacionados na relación que se achega, como compensación por non disfrutar en todo ou en parte da xornada de verán prevista no artigo 11 do convenio, por un importe total de 1.082,88 € (MIL OITENTA E DOUS EUROS CON OITENTA E OITO CÉNTIMOS).

24(1683).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE DE 2004. EXPTE. 15473/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 20-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade de servizos prestados polo persoal do servizo Cemiterios, aboarase ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Jesús Alonso Sanmartín e remata por don Delmiro Vilanova Acuña, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVIEMBRE-2004, e que ascenden a un total de 1.180,80€ (MIL CENTO OITENTA EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS.

25(1684).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE DO PERSOAL DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE DE 2004. EXPTE- 15476/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 20-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Recoñecer as obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servicio de Desinfección que figura na relación que se achega e que comencan por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don José Manuel Sousa Atrio, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes o mes de NOVIEMBRE-2004 e que ascenden a un total 561'80 € (CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS, CON OITENTA CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.150.00.00-GRATIFICACIÓNS

26(1685).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVIEMBRE DE 2004. EXPTE. 15477/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 17-12-04 e de acordo co informe-proposta do xefe da Unidade de Persoal do 14-12-04, conformado polo xefe da área de Réxime Interior e polo alcalde accidental, a Xunta de Goberno acorda

Asignar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas e que comezan por don Jesús Alfonso Sanmartín do servicio de cemiterios e rematan por dona M^a José Jelusich Diz da biblioteca municipal, os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 62.910,11 € (SESENTA E DOUS MIL NOVECENTOS DEZ EUROS CON ONCE CÉNTIMOS), con cargo a partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, correspondentes o mes de OUTUBRO de 2004.

27(1686).- DAR CONTA DE ACORDO PLENARIO RELATIVO A MODIFICACIÓN PARTIDA PRODUCTIVIDADE CON CARGO A CRÉDITOS NON CONSUMIDOS NO CAPÍTULO I DE VACANTES. EXPTE. 15371/220.

Dáse conta do acordo adoptado polo Pleno do Concello en sesión ordinaria do 29.11.04, en cumprimento co punto terceiro do mesmo, en relación co asunto de referencia, que di o seguinte:

9.- *MODIFICACIÓN DA PARTIDA DE PRODUCTIVIDADE CON CARGO A CRÉDITOS NON CONSUMIDOS NO CAPÍTULO I DE VACANTES. EXPTE. 15371/220.*

ANTECEDENTES.- O xefe da Unidade de Persoal, Sr. Córdoba Ardao, por escrito de data 18 de novembro de 2004, informa o seguinte:

“O Pleno da Corporación Municipal, na súa sesión do 14 de xaneiro de 2003, aprobou definitivamente o orzamentoso xeral para o referido exercicio, actualmente prorrogado, que fixa a cantidade de 988.672,49 € para a partida de productividade e 990.467,94 € para gratificacións.

Con motivo da aprobación do orzamento para o ano 2003, actualmente prorrogado, deuse cobertura nas Instrucións de Plantilla a uns novos conceptos para a asignación, tanto de complementos de productividade como de gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, criterios que se consideraron no seu momento de singular relevancia para optimizar tanto o rendemento persoal de determinadas unidades como para garantir unha xusta retribución de actividades extraordinarias non habituais merecedoras dunha correlativa compensación económica.

A contificación das partidas de gratificacións e productividades limitouse á incorporación, no seu montante global, do 2% previsto na Lei de Orzamentos do Estado para o exercicio 2003, pero sen ter en conta o incremento de gasto producido nesas partidas como consecuencia da incorporación de novos efectivos.

Ós antecedentes descritos, hai que engadir a falla de orzamentación dos incrementos legais previstos para o exercicio 2004 na lei de orzamentos do Estado, habida conta precisamente a situación de prórroga orzamentaria existente ó día de hoxe con relación ós orzamentos de 2003.

Deste xeito, evidénciase unha necesidade urxente de implementar a partida de productividades para poder facer fronte ós compromisos de gasto que se han de xerar con cargo a este concepto retributivo ata final de ano, incremento que se fará con cargo ós créditos non consumidos das prazas vacantes no cadro de persoal.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Os artigos 5.5 e 6.1 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, establecen que corresponde ó Pleno da Corporación determinar no orzamento as cantidades globais destinadas a asignación de complemento de produtividade e gratificacións.

Pola sua banda, o artigo 127 da Lei Reguladora das bases de réxime local, introducido pola lei 57/2003, atribúe competencia á Xunta de Goberno Local para a aprobación das retribucións dos empregados públicos con arranxo ó orzamento aprobado polo Pleno do Concello, órgano este último facultado en consecuencia para dar aprobación ó montante global das distintas partidas que integran o Capítulo I dos orzamentos.

A modificación orzamentaria proposta atopa igualmente amparo nos artigos 19 e 21 da lei 61/2003, da lei de orzamentos do Estado para o ano 2004, toda vez que o incremento das partidas de productividades e gratificacións respontan á necesidade dunha debida orzamentación contable tanto en función do número de efectivos existentes como dos obxectivos globais das distintas áreas ou programas, así como á necesidade de dar cobertura ó incremento legal do 2% previsto para o exercicio 2004 na antedita lei de orzamentos.

Polo anteriormente exposto o xefe da Unidade de Persoal emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 22 de novembro de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro e a Presidencia, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Castrillo e Toba Girón, acórdase:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida de productividades aplicando os créditos non consumidos que a continuación se relacionan, para incrementar o saldo da partida 121.0.150.00.00 nunha contía de 604.015,46 €, segundo o resume de créditos existentes nas partidas e servizos que se detallan a continuación:

POSTO	SERVIZO	PARTIDA	Nº POSTOS	Básicas (Part. 120.00.00)	Compl. (Part. 121.00.00)	TOTAL PRAZA
Asesor Téc.Novos Prox.	107	111.2	1	8.319,74 €	12.861,63 €	21.181,37 €
Programador Informática	113	121.7	1	4.552,89€	8.364,72€	12.917,61€
Tec.Med.Serv.Econom.	140	611.0	1	8.652,67€	13.986,62€	22.639,29€
Administrativo	140	611.0	1	7.208,74€	8.592,81€	15.801,55€
Xefe Gastos	140	611.0	1	12.607,76€	13.823,43€	26.431,19€
Alguacil-notificador	201	121.0	1	4.064,09€	5.096,75€	9.160,84€
Administrativo	322	422.0	1	12.093,87€	10.854,08€	22.947,95€
Sarxento Policia Local	212	222.2	2	9.105,78€	0,00€	9.105,78€

<i>Cabo Policía Local</i>	212	222.2	2	10.017,38€	14.205,47€	24.222,85€
<i>Garda Policía Local</i>	212	222.2	30	0,00€	5.593,91€	5.593,91€
<i>Garda Policía Local</i>	212	222.2	24	87.532,41€	166.778,58€	254.310,99€
<i>Garda Policía Local</i>	212	222.2	3	19.549,68€	23.962,44€	43.512,12€
<i>Subof. Ext. Incendios</i>	213	222.1	1	9.105,78€	18.714,37€	27.820,15€
<i>Bombeiro</i>	213	222.1	2	36.364,51€	63.656,41€	100.020,92€
<i>Vixiante en xeral</i>	252	442.0	1	3.398,64€	4.950,30€	8.348,94€
TOTAL				232.573,94€	371.441,52€	604.015,46€

Segundo.- Instar á Alcaldía-Presidencia para que autorice expresamente as transferencias de créditos das anteriores partidas, segundo o disposto no artigo 179.2 do Texto refundido da lei reguladora de facendas locais.

Terceiro.- Dar conta deste acordo á Xunta de Goberno Local na vindeira sesión que realice.

Acordo

A Xunta de Goberno queda enterada.

28(1687).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 3.12.04, SOBRE GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVICIO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE Ó MES DE NOVEMBRO DE 2004. EXPTE. 15469/220.

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte Resolución da Alcaldía-Presidencia de data 03-12-04:

“Recoñecer as obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal do Servizo de Extinción de incendios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan e que comeza por don Carlos Abalde Fernández e remata por don José B. Villaverde Veleiro, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ó mes de NOVEMBRO de 2004, e que ascenden a un total de 31.645,26 (TRINTA E UN MIL SEISCENTOS CORENTA E CINCO EUROS CON VINTE E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.”

29(1688).- INDEMNIZACIÓN POR XUBILACIÓN ANTICIPADA A D. JOSÉ RAMÓN ARAUJO RAMIL. EXPTE. 15479/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral de data 21-12-04 e de acordo co informe-proposta da xefa de negociado de Seguridade Social do 26-11-04, conformado polo xefe da Unidade de Persoal e polo concelleiro-delegado de Xestión, a Xunta de Goberno acorda

Abonar a don José Ramón Araujo Ramil (provisto do DNI 35929943-X e nº 12919), a cantidade de nove mil quince euros (9.015,00€), por se xubilar anticipadamente e en execución do acordo regulador das condicións de traballo do persoal municipal.

30(1689).- REVISIÓN DE TARIFAS DOS AUTOTAXIS DA CIDADE PARA O ANO 2005. EXPTE. 70372/210.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os acordos adoptados na Xunta local de prezos e mercados e os demais informes obrantes no expediente de revisión das tarifas de autotaxi da cidade de Vigo, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.12.04, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a solicitude de revisión das tarifas dos Autotaxis da cidade para o ano 2005, de conformidade co informe emitido, sendo os prezos máximos a aplicar, IVE incluído, os seguintes:

TARIFA 1 (aplicable días laborais de 6.00 a 22.30 horas)

- Tarifa mínima (1.800 m e/ou 5,10 min)	2.44 €
- Km percorrido	0.64 €
- Hora de espera	13.04 €
- Suplemento aeroporto	3.06 €
- Suplemento Cotogrande	2.12 €
- Maletas e bultos análogos	0.39 €

TARIFA 2 (aplicable domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábado dende as 15.00 horas e servizo nocturno de 22.30 a 6.00 horas)

- Tarifa mínima (1.200 m e/ou 3,26 min)	2.44 €
- Km percorrido	0.66 €
- Hora de espera	13.04€
- Suplemento aeroporto	3.06 €
- Suplemento Cotogrande	2.12 €
- Maletas e bultos análogos	0.39 €

2º.- Que previos os estudos correspondentes se estableza que nun prazo de dous anos a partir da revisión tarifaria correspondente ó ano 2006, se equiparen as tarifas da cidade ás correspondentes á media das grandes cidades galegas, entende por elas, A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago.

3º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Indutria e Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.

31(1690).- REVISIÓN DAS TARIFAS DO TRANSPORTE URBANO COLECTIVO DA CIDADE PARA O ANO 2005. EXPTE. 70318/210.

Examinadas as actuacións do expediente e vistos os acordos adoptados na Xunta local de prezos e mercados e os demais informes obrantes no expediente de revisión das tarifas de transporte urbano colectivo da cidade para o ano 2005, e de acordo co informe-proposta da xefa de Seguridade e Transportes, do 22.12.04, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade e Seguridade a Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a revisión de tarifa do servizo público regular do transporte urbano colectivo de viaxeiros en autobús de uso xeral da cidade de Vigo solicitado pola empresa VIGUESA DE TRANSPORTES, S.L, para o ano 2005, sendo os prezos a aplicar, IVE incluído, de conformidade cos informes emitidos obrantes no expediente:

Prezo billete	0.95 €
Prezo coche/km	3.80 €

2º.- Remitir o expediente á Dirección Xeral de Industria Comercio da Xunta de Galicia para dar cumprimento ó disposto na normativa vixente en materia de prezos autorizados.

3º.- Revisar os prezos correspondentes ós bono-buses aplicando as tarifas seguintes:

bono bus normal	0.68 €
bono bus estudante	0.65 €
bono bus pensionsita I	gratuito
bono bus pensionista II	gratuito
bono bus universitario	0.47 €

4º.- Subvencionar no exercicio económico de 2005, a diferenza que se produza entre a tarifa aprobada e a tarifa dos bono-buses correspondentes ó viaxeiro habitual estudante e pensionista I e II, e, subvencionar o bono-bus CUVI no 33% que lle corresponde, segundo o Convenio establecido coa Universidade de data 2 de novembro de 1995.

32(1691).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN RECADADORA DE INGRESOS MUNICIPAIS ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE DEPÓSITO BANCO ETCHEVERRÍA. EXPTE. 6397/540.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta do tesoureiro municipal referente á solicitude da entidade de depósito Banco Etcheverría para colaborar en materia de recadación con esta Administración municipal, do 20.12.04, e de acordo coa proposta formulada, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á Entidade de depósito BANCO ETCHEVERRÍA a prestar o servizo de entidade colabora na xestión recadadora municipal.

2º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración para a xestión de ingresos municipais que se xunta no expediente a subscribir entre o Excmo. Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Vigo e a entidade que a continuación se indica representada pola persoa que así mesmo se relaciona:

Entidade	Representantes	Cargos
Banco Etcheverría	D. Franciso Botas Ratera	Apoderado

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN RECADADORA DE INGRESOS MUNICIPAIS ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E A ENTIDADE DE DEPOSITO BANCO ETCHEVERRÍA:

En Vigo, a _____ COMPARECEN:

Dña. Corina Porro Martínez, alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo, como representante deste e xefe do Goberno e Administración municipal.

D. Francisco Botas Ratera, en representación da Entidade de depósito Banco Etcheverría..

EXPOÑEN

Primeiro. Que corresponde ó Concello de Vigo, dentro do seu ámbito xurisdiccional territorial, entre outras, as potestades financeira, tributaria e de autoorganización, conforme ó previsto no artigo 4 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local, sendo competencia da Alcaldía-Presidencia a organización dos servizos recadadores, xestionados directamente, de conformidade co establecido no artigo 41.19 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, aprobada por Real Decreto núm. 2568/86.

Segundo. Que o artigo 78 do R.D. 1684/1990 de 20 de decembro, polo que se aproba o vixente Regulamento Xeral de Recadación, de aplicación ás Entidades locais, establece que poderán prestar o servizo de colaboración na xestión recadadora municipal as entidades de depósito que se autoricen.

Terceiro. Que a Comisión de Goberno do Excmo. Concello de Vigo en sesión que tivo lugar o día 28 de agosto do ano 2000 prestou a súa aprobación ás “Normas Reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de ingresos de cobro periódico e notificación colectiva”, establecéndose así o marco regulador da actividade de colaboración por Entidades de depósito en materia de recadación de ingresos municipais. Tales normas achéganse como anexo ó presente Convenio.

Cuarto. A Entidade de depósito Bancho Etcheverría, representada por D. Francisco Botas Ratera (NIF: 32.782.987-Y), con poder bastante outorgado ante o notario D. Ramón González Gómez (núm. de protocolo 3466 de data 27/07/2001), ostenta capacidade suficiente para subscribir o presente Convenio.

Quinto. Que a Comisión de Goberno do Concello de Vigo en sesión que tivo lugar ó día _____ adoptou o acordo de autorizar á entidade Banco Etcheverría para prestar o servizo de entidade colaboradora na xestión recadadora municipal.

Sexto. Que a Entidade de depósito Bancho Etcheverría ten a implantación territorial suficiente no termo municipal de Vigo e posúe os medios materiais e persoais tecnificados e suficientes para presta-lo servizo de colaboración en materia de recadación de ingresos municipais prevista no Regulamento Xeral de Recadación e nas Normas aprobadas polo Concello de Vigo que se achegan ó presente Convenio.

Ámbalas dúas partes comparecentes recoñécense respectiva competencia e capacidade para concertar o Convenio de colaboración, conforme ás seguintes cláusulas e , en consecuencia,

CONVEÑEN

Primeiro. Que a Entidade de depósito Banco Etcheverría declara coñece-las “Normas Reguladoras da actuación e procedemento a seguir polas entidades de depósito colaboradoras en materia de recadación de tributos de cobro periódico e notificación colectiva”, aprobadas pola Comisión de Goberno do Concello de Vigo en sesión do 28 de agosto do ano 2000, manifestando a súa adhesión ó contido das mesmas, e que o texto figura como Anexo ó presente Convenio.

Segundo. O Concello de Vigo facilitará á Entidade de depósito colaboradora, tanta información sexa necesaria para unha correcta prestación do servizo e en especial a prevista nas Normas a que se alude na cláusula anterior.

Terceiro. En ningún caso os medios de pagamento que se utilicen e a que se alude no epígrafe XI (“Medios de pagamento admisibles en cobros por xaneliña”), poderán comportar custo ou comisión algunha para o Concello.

Cuarto. En ningún caso os trasposos dos fondos obtidos na recadación quincenal ás contas bancarias abertas nas Entidades xestoras que se indiquen pola Tesourería municipal, poderán comportar custo ou comisión ningunha para o Concello de Vigo.

Quinto. Ademais dos tributos de cobro periódico e notificación colectiva a Entidade de depósito estende o seu servizo de colaboración a calesquera outros tributos e prezos públicos que se exaccionen mediante autoliquidación ou liquidación.

Nos procesos de cobro, intercambio de información e traspaso da recadación obtida e en xeral a calquera outro aspecto relacionado coa actividade recadadora de colaboración destes ingresos, estarase ó disposto nas Normas aprobadas pola Administración municipal e que se achegan como Anexo a este Convenio, coa única excepción de que en canto o Concello de Vigo non dispoña dos medios precisos para prover do oportuno tratamento informático á información derivada do ingreso destes recursos municipais, a Entidade remitirá ó Concello os xustificantes correspondentes ós cobros realizados en soporte papel.

Para a recadación destes ingresos directos ou de pagamento único a entidade de depósito abrirá unha conta restrinxida para recolle-los cobros que se realicen, que será distinta á aberta para a recadación dos tributos periódicos e de notificación colectiva, si ben, a natureza, condicións e operatoria de dita conta serán idénticas, séndolle de aplicación o disposto ó respecto no epígrafe IX (“Contas restrinxidas de recadación”) das Normas que se achegan como anexo ó presente Convenio.

Pola Tesourería municipal do Concello de Vigo facilitarase á Entidade de depósito toda a información que se requira e sexa necesaria para a identificación dos ingresos dos cales a recadación se leve a cabo baixo esta forma de exacción en aras dunha correcta prestación do servizo de colaboración.

Sexto. A Entidade de depósito colaboradora será responsable do uso que a súa organización empresarial, empregados e colaboradores mercantís realicen dos datos tributarios e de toda índole que se faciliten polo Concello para a prestación do servizo, debendo gardar e facer gardar con extremado celo canto dispón a lexislación nacional e supraestatal respecto da protección de datos contidos en ficheiros automatizados, secreto fiscal e bancario e intimidade das persoas.

Sétimo. O presente convenio terá vixencia dende o día 1 de xaneiro do ano 2005 ata o 31 de decembro do ano 2005, poidendo, non obstante, ser obxecto de prórroga por anualidades consecutivas, en tanto se manteñan por ámbalas dúas partes os termos do convenio e non se realice un aviso previo, polo menos con dous meses de antelación ó 31 de decembre de cada ano, mediante escrito dirixido ó Ilmo. Sr. alcalde-presidente do Excmo. Concello de Vigo, que se desexa dar por rematada a colaboración e por conseguinte denuncia-lo Convenio con efecto a 1 de xaneiro do ano inmediato seguinte a aquel en que se efectúe o aviso previo. Con idéntico aviso previo e en iguais condicións poderá denunciar prexuízo Concello de Vigo o presente convenio, todo isto sen prexuízo dos supostos de revogación da autorización previstos nas Normas aprobadas polo Concello de Vigo que se achegan a este Convenio e o regulado na Disposición derradeira das mesmas.

E en proba de conformidade, asinan o presente Convenio no lugar e data arriba indicado.

33(1692).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 13.761,16 € A FAVOR DE ORECO S.A. POLO INCREMENTO DO IMPORTE DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORA DE BEIRARRÚAS DA RÚA PORTELA. EXPTE. 43081/250.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora xeral do 17.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe administrativo de Vías e Obras, do 24.11.04, conformado polo enxeñeiro xefe e o concelleiro delegado de dito servizo, a Xunta de Goberno Local acorda:

1º.- Recoñecer o gasto necesario para o aboamento da factura presentada ao cobro por Oreco,S.A. por importe de trece mil setecentos sesenta e un con dezaseis euros (13.761,16 €) con cargo a partida presupostaria 5110.611.00.39, polo que o contratista considérase, segundo a súa propia declaración, resarcido de tódolos gastos derivados da execución do proxecto de mellora de beirarrúas da R/ Portela

2º.- No prazo de 15 días contados a partires da notificación do acordo, o contratista deberá formalizar a fianza por importe do 4% da factura, quedando pendente o aboamento da mesma a que acredite a súa formalización ante a tesourería municipal

3º.- Do presente acordo deberá darse conta ao Pleno da Corporación en cumprimento do previsto nas Bases de Execución do Presuposto.

34(1693).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A D. JOSÉ LUIS VÁZQUEZ FIDALGO CONSTITUÍDA POLA OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA. EXPTE.43107/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 22.12.04, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 21 de agosto de 2002, solicitóuse permiso de ocupación da vía pública, nunha parte da calzada e da beirarrúa, para carga e descarga na r/Romil, 42-44, motivada pola licencia de obra num. Expdte. 43294-421.02 contrucción dun edificio previa demolición. Con datas 20-02-2003 e 26-03-2003, dilixencia e oficio do Departamento de Seguridade Tráfico e Transportes, onde nos solicitan informe coas condicións para outorgamento da autorización. No informe do Servicio de Vías e Obras de data 03 de abril de 2003, indícase que o peso máximo non superará as 20 TM. retirada, custodia e reposición de dous e a consitución dunha fianza de (9.000 € nove mil euros), polos danos que se poidan ocasionar o patrimonio municipal.

Solicitada a devolución da fianza, constituída con número de operación 200300020783 de data 24-04-2003 e por importe de (9.000 €), con documento de entrada no Rexistro Xeral con núm, 40115154 de data 12 de novembro de 2004.

No informe de inspección de data 17 de decembro de 2004, indícase que na visita feita comprobóuse que os dous bolardos foron repostos e o pavimento e beirarrúa quedaron en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (9.000 € – nove mil), a favor de D. JOSE LUIS VAZQUEZ FIDALGO 34946563H, depositada na Tesourería municipal.

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

35(1694).- XUSTIFICANTES DE LIBRAMENTOS.

Examinados os xustificantes de libramento remitidos por Intervención Xeral, a Xunta de Goberno aproba a seguinte relación dos mesmos:

NOME	O.PAGO	IMPORTE	XUSTIFIC.	REINTEG.	S/FAVOR
AGUIAR CASTRO YOLANDA	0451679	59.000,00	59.000,00		
“	0446397	43.375,00	43.275,18	99,82	
“	0446418	4.400,00	2.815,56	1.584,44	
“	0446422	2.700,00	340,45	2.359,55	
“	0446424	2.550,00	93,00	2.457,00	
“	0446402	3.000,00		3.000,00	
“	0446426	1.500,00	811,32	688,68	
“	0443579	9.000,00	8.951,60	48,40	
“	0443580	180,00	84,55	95,45	

BALLESTA DE DIEGO JOSE	0440802	400,00	400,00		
CABRERA RIANDE JORGE	0408338	1.500,00	1.117,13	382,87	
FERNANDEZ FERNANDEZ PAZ	0438799	3.580,50	3.580,50		
GONZALEZ SOENGAS ARANZAZU	0446443	140,00	104,26	35,74	
“	0446444	77,23	77,23		
“	0446440	1.182,04	1.182,04		
MOURELLE GONZALEZ FRANCISCO	0448577	500,00	497,07	2,93	
NUÑEZ TORRON LOPEZ JESUS	0425979	601,01	652,21		51,20
OJEA PEREZ IGNACIO	0445670	293,25	293,23	0,02	
“	0444888	4.079,40	2.547,01	1.532,39	
OJEA PEREZ RAFAEL	0443582	695,10	502,43	192,67	
QUINTELA RODRIGUEZ MARIA JOSE	0455428	438,00	437,26	0,74	
ROCHA PARAMES CESAREO	0452566	300,00	252,91	47,09	
“	0457922	300,00	48,00	252,00	
RODRIGUEZ REY ALBERTO	0438801	1.500,00	1.483,31	16,69	
“	0438802	12.000,00	11.322,00	678,00	
SAAVEDRA RODRIGUEZ JESUS	0343789	55.247,44	54.611,20	636,24	
SAN LUIS COSTAS AVELINO	0452161	18.000,00	18.000,00		
SIERRA ABRAIN MARIA	0455427	438,00	437,26	0,74	
SOUTO GONZALEZ MARTA	0453465	425,00	370,21	54,79	
“	0455995	125,00	114,00	11,00	
THOMAS BERBEN MARIA JOSE	0456310	1.044,00	1.044,00		
VEIGA CEDEIRA JULIA	0437050	600,00	600,00		
TOTAL			215.044,92		

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

36(1695).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES. EXPTE. 11205/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.11.04 e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Centro de Día, do 13.12.04, conformado polo xefe

de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Prestar aprobación ó texto do convenio de colaboración coa Cruz Vermella para a prestación do servizo de Centro de Día para as persoas maiores dende o 01.01.05 ata o 31.12.2005, cunha aportación municipal de 100.344,14 €/ano, pagadeiros mensualmente a razón de 8.362,01 €, coas condicións que contén o texto do propio convenio.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVICIO DE ACENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES@

En Vigo, a

REUNIDOS:

Dunha parte:

A EXCMA.SRA. Dª CORINA PORRO MARTÍNEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra:

D. JORGE ARAÚJO CORTEGOSO, Presidente Provincial da Cruz Vermella Española, en virtude de nomeamento polo acordo de data 31 de maio de 1999 do Comité Autonómico, en representación da mesma.

Os dous de mutuo acordo:

EXPOÑEN:

Primeiro:

Que a Lei 5/97 do 22 de xullo da Administración Local Gallega, publicada no DOG n1 149, do 5/8/97, no seu artigo 80, sinala como competencias propias dos municipios, entre outras, a prestación dos Servizos Sociais e a promoción e reinserción social.

Segundo:

Que a Lei 4/93 do 14 de abril da Comunidade Autónoma, sobre os Servizos Sociais, establece na atribución das competencias ós Concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria, así como a colaboración no fomento dos mesmos prestados polas entidades de iniciativa social (letras a) é c) do artigo 21)

A mesma disposición define no seu artigo 7, os obxectivos xerais dos servizos sociais de atención primaria, entre os que se atopa a Amellora da autonomía persoal así como a integración e permanencia no medio familiar e social mentres sexa desexada e conveniente@.

Terceiro:

Polo Decreto 240/95 do 28 de xullo, a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia regula os servizos sociais de atención primaria e no seu artigo 8 establece e define os centros de día como equipamento propio destes servizos, definíndoos como un centro aberto en réxime diurno nos que se proporciona atención a determinados colectivos sociais mediante programas de axuste persoal e social e tratamentos de

rehabilitación orientados á normalización e a evitar, no xeito do posible, o deterioro persoal progresivo, procurando a permanencia no seu entorno familiar.

Cuarto:

Pola súa parte, a Cruz Vermella Española nas súas normas de ordenación aprobadas polo Real Decreto 415/96, do 1 de marzo, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas, sendo a súa duración ilimitada e gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas (Artigo 1).

Así mesmo, entre os obxectivos e fins concrétese a consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de benestar social en xeral e de servicios asistenciais e sociais, referencias todas elas que recollen os Estatutos da Institución aprobados pola Orde de 4/9/97 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e que concreta na prestación, entre outros, dos servicios de xestión de centros de día.

Quinto:

Que precisamente esta coincidencia de competencias e obxectivos e as referencias á colaboración que se debe prestar entre institucións aconsellou, establecer unha cooperación na prestación de outros servicios de carácter social, cooperación que se viu incrementando ata o presente.

Por todo elo, ámbalas partes de común acordo, establecen un convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

CLAÚSULAS

PRIMEIRA:

O obxecto do presente convenio de cooperación ou colaboración é a prestación dos servicios correspondentes a un Centro de Día para Persoas Maiores que a Cruz Vermella creou na rúa Cánovas del Castillo 16, 50 planta de Vigo.

O Centro de Día configúrase de conformidade co artigo 8 do Decreto 240/95, do 28 de xullo, da Consellería de Sanidade e Servicios Sociais, que regula os servicios sociais de atención primaria como un equipamento propio destes servicios, que xa se indica no apartado Terceiro da parte expositora do presente acordo.

SEGUNDA:

Ámbalas dúas partes, seguindo a liña de posibilitar que os nosos maiores poidan vivir no seu entorno natural e familiar crea este dispositivo para os que necesiten unha atención persoal, terapéutica e social en réxime diurno cos obxectivos seguintes:

- Facilita-lo mantemento da persoa maior no seu medio colaborando coa familia na atención que éstas persoas precisen.
- Ofrecer un xeito de vida estimulante que rompa co aillamento destas persoas maiores nas súas casas.
- Completa-la rehabilitación física ou psíquica de maiores que precisaron dunha hospitalización.
- Conseguir que os usuarios recobren o manteñan o grado de funcionalidade e autonomía idóneos.
- Facilita-la integración dos usuarios na comunidade.

TERCEIRA:

Poderán solicita-la atención no Centro de Día as persoas maiores de 65 ou mais anos que reúnan os criterios para a admisión que se detallan no anexo II así coma os seguintes requisitos:

a) Ter reducida a súa autonomía para as actividades da vida diaria, con carencias na súa situación bio-psico-social.

b) Non padecer enfermidade infecto-contaxiosa, ou enfermidade clínica que requiera atención nun centro hospitalario, nin sufrir trastornos mentais ou de conducta que poidan altera-las normas de convivencia do centro.

c) Estar empadroado na cidade cunha antigüedad mínima de tres anos. Esta condición poderá obviarse no caso de empadroados na cidade que acolleran os familiares directos residentes noutros municipios por circunstancias sociais que avaliarán os técnicos dos servicios sociais no momento de formulá-la proposta correspondente.

O expediente que xurda a partires da solicitude de praza, baremarase de acordo ó sinalado no anexo I, e sengudo a puntuación obtida, establecerase a orde para o ingreso no Centro.

Os usuarios do Centro deberán cumprir en todo momento as normas de réxime interior que rixan no Centro.

CUARTA:

O número de prazas obxecto deste convenio será de 25. Para os usuarios clasificados no apartado f) do anexo II será do 40% como máximo. Esta porcentaxe podería ampliarse pola comisión avaliadora que se crea no presente convenio.

QUINTA:

O Excmo. Concello proporalle á Cruz Vermella os solicitantes de praza que cumplan os requisitos esixidos no Centro de Día. O devandito servico solicítase na área dos servicios sociais de atención primaria aportando a documentación precisa.

SEXTA:

Créase unha comisión avaliadora para a incorporación efectiva do usuario formada por un representante de cada unha das partes e o médico do Centro co fin de confirmar si cumpre os requisitos e criterios para acceder o Centro, e establecece un período de proba ata un máximo de 15 días naturais.

SÉTIMA:

A Cruz Vermella Española, por medio do persoal especializado correspondente, prestará no Centro de Día os seguintes servicos:

- Atención social, psicolóxica e médica*
- Actividades ocupacionais, culturais e recreativas*
- Rehabilitación física: ximnasia de mantemento, fisioterapia*
- Rehabilitación psicolóxica: estimulación cognitiva, orientación á realidade.*
- Servico de comedor de comida e merenda*
- Ducha xeriátrica (ante incidencias que xurdan)*

O horario do Centro será de 9,00 a 18,00 horas de luns a venres inclusive, excepto días de lecer.

OITAVA:

En nengún caso esta prestación suporá relación laboral algunha co Excmo. Concello de vigo, estando obrigada a Cruz Vermella Española ó cumprimento de tódalas disposicións en materia laboral e de seguridade social, así coma a cobertura correspondente a responsabilidade civil do seu persoal.

NOVENA:

O prazo para o escomenzo da atención ó usuario admitido será, como máximo, de cinco días, sempre que o centro dispoña de praza libre.

Así mesmo, Cruz Vermella, comprométese a comunicar no mesmo prazo as baixas que se produzan e os seus motivos, para cubrila rápidamente.

DÉCIMA:

A Cruz Vermella realizará follas de seguimento de tódolos usuarios que entregarán ós servizos sociais municipais de atención primaria cunha periodicidade semestral nas situacións que non requiren unha intervención, avaliación, etc..., e no momento necesario cando se produzan as circunstancias anteriores.

DÉCIMO-PRIMEIRA:

Establécense as seguintes causas de baixa no Centro de día:

- a) Baixa voluntaria
- b) Finamento do usuario
- c) Traslado definitivo da súa residencia a outro municipio
- d) Interferir no bó funcionamento do centro incumprindo o regulamento interior do mesmo.
- e) Non abona-la tarefa establecida según recolle a Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas (BOP n1 249 de 30/12/98)
- f) Cando se produzan modificacións na situación bio-psico-social do usuario que sexan incompatibles ca súa permanencia no centro.

DÉCIMO-SEGUNDA:

A comisión avaliadora creada para a incorporación do usuario ó centro (Cláusula 60), será a que propoña a baixa no mesmo, despois de valorar a súa situación e concluir que o recurso xa non é o adecuado.

DÉCIMO TERCEIRA:

O presente convenio de colaboración terá unha duración de un ano, entrando en vigor o 01/01/2005, polo que finalizará o 31/12/2005, podéndose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de tres, sempre que non se produza denuncia expresa de calquera das partes con unha antelación mínima de dous meses antes de calquera dos vencementos.

De producirse calquera das prórrogas, os importes económicos sinalados na cláusula seguinte modificaranse axustándose as variacións do IPC correspondente

DÉCIMO CUARTA:

Polo período de vixencia do convenio o Excmo. Concello de Vigo abonará a cantidade de 100.344,14 € con cargo ó Programa de Gastos 313.0 -Benestar Social- Partida 226.08.03, pagadeiras mensualmente a razón de 8.362,01 € previa presentación da nota de cargo por parte da Cruz Vermella e a conformidade dos servizos técnicos municipais de atención primaria dos servizos sociais.

O Excmo. Concello estableceu a correspondente Ordenanza fiscal (BOP n1 249 de 30/12/98) que regula a aportación dos usuarios.

DÉCIMO QUINTA:

A efectos de seguimento, interpretación e avaliación do presente convenio de colaboración, créase unha Comisión Mixta que, presidida polo Concelleiro/a Delegado/a de Sanidade e Benestar Social, formarán dous representantes de cada unha das partes asinantes.

E en proba de conformidade, asinan o presente convenio no lugar e na data enriba indicados.

ANEXO I

BAREMO DE ADMISIÓN PARA O SERVIZO DE ESTANCIAS NO CENTRO DE DÍA

Na valoración dos expedientes de solicitude de ingreso no Centro de Día, ponderaranse as seguintes variables:

- Situación socio-familiar*
- Situación de dependencia física e/ou psíquica*
- Situación económica*
- Situación da vivenda e o seu entorno*
- Idade*
- Avaliación doutras circunstancias*
- A puntuación máxima será de 140 puntos.*

1.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR

Puntuación:

- Vive só, sin familia na localidade , tendo cuberta por terceiras persoas a atención que precisa no seu fogar32*
- Vive só, con familia na mesma localidade, que non pode prestarlle a atención que necesita.....26*

- Vive con familiares de primeiro grao con cargas especiais (outros maiores, fillos pequenos, situación de hacinamento, etc).....21
- Vive con outra ou outras persoas (coidadores ou familiares a partires do segundo grao) que non poden prestarlle a debida atención.....16
- Vive con algún fillo, pero a situación non é a idónea debido a diversas circunstancias que poden ser paliadas coa atención do solicitante no Centro de Día.....11

2.- SITUACIÓN DE INCAPACIDADE FÍSICA E PSÍQUICA DO SOLICITANTE:

Nesta variable evalúanse as distintas limitacións ou minusvalías da persoa según o baremo.....32

3.- SITUACIÓN ECONÓMICA

Aplicaranse unhas táboas de valoración da situación económica.....20

4.- SITUACIÓN DA VIVENDA E O SEU ENTORNO

- Con barreiras arquitectónicas que dificulten o desenvolvemento da vida diaria.....20
- En condicións deficientes e ailladas do casco urbán ou na zona rural.....15
- Sin medios de comunicación que faciliten a integración ou acceso a outros recursos.....10
- En condicións aceptables de habitabilidade e comunicación pero: aillada, fora do casco urbán, en zona rural, con espazos limitados, etc.....5

5.-IDADE

Nesta variable valórase a idade do solicitante, en coherencia cos principios que informan e xustifican asistencia ás persoas da terceira idade.

Dárase un punto por cada ano a partir dos sesenta e cinco anos cumpridos (máximo 30 puntos)

6.- EVALUACIÓN DOUTRAS CIRCUNSTANCIAS:

Neste apartado valóranse especiais situacións do solicitante que, sin estar comprendidas nos supostos contemplados nos apartados anteriores, requiran sin embargo ser obxecto de valoración. A puntuación máxima será de 6 puntos.

ANEXO II

CRITERIOS PARA A ADMISIÓN NO CENTRO DE DÍA

No Centro de Día atenderáse a:

- a) *Persoas cuio ingreso nas Institucións en réxime de internado sexa posible e conveniente evitar.*
- b) *Persoas con incapacidade susceptible de mellorar a súa autonomía e evitar o seu deterioro.*
- c) *Persoas con secuelas de ictus, parkinsonismos ou outros problemas neurolóxicos que afectan a marcha e inestabilidade, así como outras funcións.*
- d) *Persoas con problemas osteoarticulares, artrosis deformantes ou outras afeccións do aparato locomotor susceptibles de mellora funcional.*
- e) *Persoas con deterioro cognitivo, que precisen estimulación de funcións superiores que poidan mellorar a súa calidade de vida e retardar a súa dependencia.*
- f) *Nos casos de persoas afectadas por procesos dexenerativos atenderáanse durante estadios iniciais da enfermidade.*
- g) *Persoas cuia situación quede recollida nos apartados anteriores e non presenten severos problemas de mobilidade, incontinencia ou sordeira.*

37(1696).- SUBVENCIÓN Á UNIÓN CÍVICA MUNICIPAL DE CONSUMIDORES Y AMAS DE HOGAR DE VIGO. EXPTE. 1741/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder á Unión Cívica Municipal de Consumidores y Amas de Hogar de Vigo unha subvención por unha contía de 3.000 € en concepto de axuda para a organización de actividades educativas e socioculturais para o ano 2004, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias, e sociais) o no seu defecto con cargo á bolsa xurídica de vinculación.

38(1697).- SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CLUB CULTURAL GAMBOA. EXPTE. 1696/101.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Relacións Públicas e Protocolo, do 29.11.04, conformado polo concelleiro da Área de Xestión Municipal e pola interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Conceder á Asociación Club Cultural Gamboa unha subvención por unha contía de 2.000 € en concepto de axuda para a organización de actividades socioculturais para o ano 2004, e isto con cargo á partida 1110 4890002 (Subvencións por razóns humanitarias) o no seu defecto co cargo a bolsa xurídica de vinculación.

39(1698).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMALLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. EXPTE. 11204/301.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16.12.04 e de acordo co informe-proposta da traballadora social responsable do Centro de Día, do 14.12.04, conformado polo xefe de Sector de Acción Social, o concelleiro-delegado da Área de Asuntos Sociais e a interventora xeral, a Xunta de Goberno acorda:

Prestar aprobación ao texto do Convenio de Colaboración coa Cruz Vermella Española para a prestación do Servizo de Axuda no Fogar dende o 1/1/2005 ó 31/12/2005, e coas condicións particulares que constan no mesmo.

CONVENIO DE COLABORACIÓN COA CRUZ VERMELLA ESPAÑOLA PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

En Vigo a

REUNIDOS:

Dunha parte:

A EXCMA SR D^a CORINA PORRO MARTÍNEZ, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo.

Doutra:

D. JOSÉ LUIS DELGADO SAN MIGUEL, Presidente Comarcal da Cruz Vermella Española en Vigo, en virtude do nomeamento de data 31/07/03, en representación da mesma.

Os dous de mutuo acordo:

EXP O Ñ E N

Primeiro:

Que a Lei 5/97, do 22 de xullo, da Administración Local Galega, publicada no D.O.G. nº 149, do 5.8.97, no seu artigo 80, sinala como competencias propias dos municipios, entre outras, a prestación dos servizos sociais e a promoción e reinserción social.

Segundo:

Que a Lei 4/93 do 14 de abril, da Comunidade Autónoma, dos Servizos Sociais, establece na atribución das competencias ós Concellos a creación e xestión dos servizos sociais de atención primaria así como a colaboración no fomento dos mesmos prestados polas entidades de iniciativa social (letras a) e c) do artigo 21).

A mesma disposición define, no seu artigo 7, os obxectivos xerais dos servizos sociais de atención primaria, entre os que se atopa a “mellora da autonomía persoal así como a integración e permanencia no medio familiar e social mentres sexa desexada e conveniente”.

Terceiro:

Polo Decreto 240/95, do 28 de xullo, a Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia regula os servizos sociais de atención primaria e no seu artigo 9 establece que os mesmos se organizarán mediante o deseño, execución e avaliación dos programas básicos, entre os cales indica o de axuda no fogar para prestar un conxunto de atencións de carácter doméstico, social, persoal ou educativo dos cidadáns no seu medio.

A Consellería mencionada, por Orde do 22 de xullo de 1996 e o Excelentísimo Concello pola Ordenanza correspondente, aprobada en sesión plenaria de 15/04/99 publicada no BOP nº 100 de 28/05/99, complementan e regulan o servizo ofrecendo unha variedade de prestacións.

Cuarto:

Pola súa parte, a Cruz Vermella Española nas súas normas de ordenación aprobadas polo Real Decreto 415/96, do 1 de marzo, configúrase como auxiliar e colaboradora das Administracións Públicas nas actividades humanitarias e sociais impulsadas polas mesmas, sendo a súa duración ilimitada e gozando dos beneficios inherentes ás entidades públicas (Artigo 1º).

Así mesmo entre os obxectivos e fins concrétese a consecución, entre outros, da promoción e colaboración en accións de benestar social en xeral e de servizos asistenciais e sociais, referencias todas elas que recollen os Estatutos da Institución aprobados pola Orde de 4.9.97 do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e que concreta na prestación, entre outros, dos servizos de teleasistencia e atención domiciliaria.

Quinto:

Que precisamente esta coincidencia de competencias e obxectivos e as referencias á colaboración que se debe prestar entre institucións aconsellou xa no seu momento -1988-, establecer unha cooperación na prestación do Servizo de Axuda no fogar no municipio de Vigo.

Polo exposto, que aclara as competencias que xustifican a actuación, ámbalas dúas partes acordan celebrar o presente convenio de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA:

O obxecto do presente convenio é a prestación do Servicio de Axuda no fogar básica, e axuda a domicilio complementaria no termo municipal de Vigo.

A axuda no fogar configúrase como unha prestación social básica do sistema público de servicios sociais, que de xeito específico contribúe o mantemento das persoas no seu medio de convivencia habitual, facilitando a súa autonomía persoal e promovendo condicións máis favorables nas súas respectivas relacións de convivencia, mediante a adecuada cobertura de prestacións e apoios de carácter persoal doméstico ou social, prestados no fogar persoal o familiar evitando así a súa posible institucionalización.

A axuda no fogar insertase no sistema integrado de servicios sociais, de carácter complementario e transitorio, que non exime á familia das súas responsabilidades, e a través do persoal cualificado presta, a nivel preventivo, educativo, asistencial e rehabilitador, unha serie de atencións ou coidados de carácter persoal, psicosocial e educativo, doméstico e técnico, a familias e persoas con dificultades para procura-lo seu benestar físico, social e psicolóxico.

A axuda no fogar complementaria é un servizo de axuda para persoas que presentan problemas de autonomía, onde o voluntariado da Cruz Vermella leva a cabo diferentes intervencións coma complemento ás prestacións básicas de carácter asistencial que se prestan na axuda no fogar básica. Con este servizo preténdese facilitar ós usuarios do S.A.D. un cauce para o seu desenvolvemento persoal a través de actividades de ocio e convivencia.

SEGUNDA:

O servizo de axuda no fogar está regulado pola Orde do 22 de xullo de 1996 da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia e ofrece unha variedade de prestacións que se concretan en determinadas atencións. Así mesmo a Ordenanza Municipal complementa e amplía os obxectivos, contidos, beneficiarios, procedementos, etc., etc.

A prestación dos servizos que posibilitan esas atencións será facilitado pola Cruz Vermella Española e inclúe as seguintes tarefas:

Servicio de Axuda no fogar básica:

1 Servicio de atención doméstica:

- 1.1 *Limpeza cotiá e xeral da vivenda.*
- 1.2 *Lavado, planchado e repasado da roupa, ben no fogar o polo servizo de lavandería externa.*
- 1.3 *Compra e cociñado dos alimentos.*
- 1.4 *Calquera outra actividade necesaria para o normal funcionamento do domicilio do usuario.*

2 Servicio de atención persoal.

- 2.1 *Aseo persoal, incluíndo cambio da roupa, lavado de cabelo e todo aquilo que requira a hixiene corporal, coa especial atención para encamados e incontinentes.*
- 2.2 *Axuda e apoio a mobilidade.*
- 2.3 *Acompañamento fóra do fogar para a realización das diversas xestións tales como visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.*
- 2.4 *Realización de actividades de prevención, estimulación e mantemento da autonomía persoal.*

Servicio de Axuda no fogar complementaria:

1. *Realización de programas de ocio comunitarios e actividades de convivencia, segundo a proposta anual da Cruz Vermella Española, aprobada pola Comisión mixta, así coma intervencións de apoio e desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade.*
2. *Compañía no fogar e acompañamento fora do domicilio para a realización das diversas xestións tales coma visitas médicas, tramitación de documentos e outras análogas.*
3. *Compañía e facilitación das actividades de ocio no fogar mediante entrega do material para realización dos traballos manuais, así como prensa, revistas e libros ou similares.*
4. *Realización de todas aquelas xestións e tramitacións de recursos, prestacións, etc., necesarias para os usuarios.*
5. *Realización de actividades de apoio e desenvolvemento das capacidades persoais, a afectividade, a convivencia e a integración na comunidade.*

TERCEIRA:

Servicio de Axuda no fogar básica.

A Cruz Vermella Española prestará os servicios sinalados que serán desenvolvidos necesariamente polos traballadores/as, auxiliares de axuda no fogar, auxiliares de Xeriatría ou similar.

Estes traballadores/as recibirán da Cruz Vermella a formación permanente e a atención psicolóxica que se considere necesaria a proposta da Institución e será aprobada pola Comisión Mixta de seguimento que se crea co presente convenio.

Considerárase especialmente para ás novas contratacións, aquelas persoas que estiveran incluídas con programas de inserción promovidos polas Corporacións Locais.

Servicio de Axuda no fogar complementaria.

Estas actividades serán realizadas polos voluntarios de Cruz Vermella e contarase coa participación dos profesionais do servicio de Axuda no fogar básica.

CUARTA:

En ningún caso esta prestación do persoal suporá relación laboral algunha co Excmo. Concello de Vigo, estando obrigada a Cruz Vermella Española ó cumprimento de tódalas disposicións vixentes en materia laboral e de seguridade social ,así como á cobertura correspondente á responsabilidade civil dos seus traballadores e voluntarios.

QUINTA:

Para a execución dos servicios descritos, a Cruz Vermella Española conta coa organización, medios persoais, técnicos, etc., que se describen coma anexo do presente convenio, medios que se consideran idóneos para atender unha

media de 300 usuarios e que se incrementarían no necesario se o aumento do servizo o requirira para o seu correcto funcionamento.

SIXTA:

A organización para a prestación do servizo será competencia da Cruz Vermella Española de acordo coas directrices técnicas do departamento de Servizos Sociais do Concello, cos criterios xerais seguintes:

1. A valoración do caso realizarana os técnicos municipais así como o deseño da intervención e a asignación das prestacións que se consideren oportunas, avaliando en coordinación cos profesionais responsables da Cruz Vermella Española. En todo caso será responsabilidade municipal os cambios e a conclusión do caso.
2. O horario normal de prestación será das 8 ás 22 horas. Nos casos extraordinarios de urxente necesidade poderase establecer servizo nos festivos e horario nocturno dende as 22 horas as 8 da mañán da data seguinte. O tempo de atención a cada usuario non será inferior a 8 horas mensuais, nin de 30 minutos diarios, nin superior a 2 horas diarias, salvo circunstancias excepcionais de carácter temporal debidamente xustificadas.

Os fins de semana –sábados e domingos-, ou cando se produzan dúas datas festivas consecutivas, se as circunstancias o determinaran a xuízo dos técnicos municipais, poderase establecer un servizo de visitas para comproba-lo estado do usuario que a Cruz Vermella Española prestará co seu voluntariado e consecuentemente non será facturable.

3. Asignado ó servizo, o departamento municipal dos servizos sociais comunicará o inicio a Cruz Vermella por escrito determinando:
 - 3.1 O beneficiario do servizo.
 - 3.2 O informe social da situación do beneficiario, reflectíndose no número de horas , periodicidade, obxectivos, etc.
 - 3.3 No momento que exista posibilidade real de comeza-las prestacións, responsables técnicos das partes asinantes, concretarán as tarefas a realizar, a participación familiar, etc.

4. A Cruz Vermella Española informará semanalmente a través da folla de incidencias de todas aquelas variacións dos servizos e asimesmo manterá unha reunión coa mesma periodicidade cos técnicos municipais para tratar todas aquelas cuestións que se considere necesario.

Cruz Vermella realizará follas de seguimento de tódolos casos que entregarán os responsables municipais do servizo de atención primaria dos servizos sociais con unha periodicidade mínima semestral nas situacións que non requiran unha maior intervención, cambio de obxectivos, nova avaliación, etc., e no momento que sexa necesario cando se produzan as circunstancias anteriores.

5. O prazo de comezo do servizo pola Cruz Vermella Española non será superior a 5 días dende o recibo da orden de alta. Nos casos valorados como urxentes polos responsables municipais do programa, o prazo de inicio non será superior ás 48 horas.

- 6 *A Cruz Vermella Española dará as instrucións precisas ó seu persoal ó obxecto de cubri-las prestacións que se lle asignen, sendo a responsable de realiza-las propostas de distribución dos traballadores/as, horarios, etc., sempre en función dos criterios moi xerais que os responsables municipais establezan, tratando de que existan os mínimos cambios na atención ó usuario co fin de evitar desorientacións e desaxustes na intimidade familiar.*

En calquera momento os responsables municipais poderán comproba-la materialización e calidade dos servicios prestados, así como acadar información sobre os usuarios e o desenvolvemento xeral do servicio.

SÉTIMA:

A Cruz Vermella Española remitirá o Concello de Vigo os datos ou memoria do desenvolvemento do servicio segundo os criterios que se fixarán polos Servicios Sociais municipais.

OITAVA:

En atención ó establecido no artigo 12 da Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os datos que se aporten polos Servicios Sociais do Concello de Vigo a Cruz Vermella Española para a prestación dos servicios de axuda a domicilio básica e complementaria obxecto deste convenio, só se utilizarán por dita Institución durante o tempo que dure a prestación de ditas intervencións, debéndose remiti-los mesmos, así coma os que se xeren coma consecuencia da prestación dos servicios por Cruz Vermella Española, ós Servicios Sociais do Concello de Vigo quen os facilitou. Non se poderá comunicar ou ceder estes datos, nin sequera para a súa conservación a ningunha persoa allea ós Servicios Sociais do Concello de Vigo.

Cruz Vermella Española, como encargada do tratamento de ditos datos, tratará os mesmos conforme ás instrucións dos Servicios Sociais do Concello, e non os aplicará ou utilizará con un fin distinto ó que figure no presente convenio.

En canto á seguridade dos datos, estes deberán tratarse coa debida discreción e confidencialidade e aplicaranse as medidas de seguridade necesarias para cumprir co nivel alto establecido no Real Decreto 994/1999, ou norma que no futuro a substitúa.

Unha vez cumpridas as prestacións concertadas, os datos de carácter persoal deberán ser devoltos ós Servicios Sociais do Concello de Vigo, responsable do tratamento, ó igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal obxecto de tratamento.

NOVENA:

Será causa da extinción do presente convenio antes da súa caducidade, o incumplimento das cláusulas do mesmo, así coma o retraso, negligencias ou descoido no cumprimento das obrigas, o trato vexatorio continuado ó usuario e a falsidade dos servicios así coma na garda do debido segredo profesional.

DÉCIMA:

Créase unha Comisión Mixta de seguimento de interpretación, seguimento e avaliación do presente convenio de colaboración, que estará formada por tres representantes de cada unha das partes baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Alcalde ou Concelleiro-Delegado responsable dos servizos sociais.

Entenderá esta Comisión das dúbidas que se creen e informará a ámbalas dúas institucións sobre ó que proceda .

DÉCIMO PRIMEIRA:

O presente convenio terá unha vixencia de un ano contado desde o día 1 de xaneiro de 2005 polo que expirará o 31 de decembro de 2005, podéndose prorrogar por períodos anuais ata un máximo de tres sempre que non se produza denuncia expresa de calquera das partes cunha antelación mínima de dous meses antes de calquera dos vencementos.

No caso de producirse calquera das prorrogas os importes económicos sinalados na cláusula seguinte modificaranse coa variación do IPC correspondente.

DÉCIMO SEGUNDA:

O orzamento económico para a realización do servizo de axuda no fogar será aportado polo Excmo. Concello de Vigo, por un importe mínimo anual de 825.000 Euros que se contemplarán no Programa de Gastos correspondente e o prezo unitario por hora efectiva de prestación con tódolos gastos incluídos, sinálase en 13,98 €.

Nos casos de prestación do servizo fóra da delimitación do núcleo urbano que se sinala de seguido, a hora verase incrementada en 3,01€.

A delimitación á que se fai referencia é a seguinte:

R/ Marina Española, confluencia avda Galicia ata o cruce coa r/ Paraixal

R/ Paraixal confluencia coa Trav. de Vigo á altura de Bombeiros, dende aquí dirección rúa Aragón ata a rúa San Xoán.

Rúa San Xoán confluencia coa rúa Cantabria a altura de Seragua. Segue na rúa Cantabria dirección avenida do Aeroporto ata a confluencia coa rúa Subride.

Rúa Subride ata a rúa Ramón Nieto seguindo ata o remate da mesma (Avenida da Ponte). Dende a avenida da Ponte séguese a través do cruce do río Lagares ata a avenida de Madrid. Dende aquí séguese a delimitación de dirección ó centro da cidade ata o cruce coa rúa Loureiro. Dende aquí proseguirase pola 3ª travesía da Salgueira, entrada ó barrio da Salgueira, rúa Santa Lucía, camiño de Riobó, rúa do Conde, Baixada o Pontillón ata o camiño da parte traseira a rúa Pastora, rúa Pastora, tramo de Cesáreo González, Cataboi, avenida de Castrelos ata avenida Alcalde Portanet, lateral estadio de Balaídos, Pablo Iglesias cara a avenida da Florida, rúa Porriño, Tomás A. Alonso, avenida Atlántida e baixada a praia de Alcabre.

O Excmo Concello garantiza a realización dun mínimo de 56.000 horas en 12 meses de prestación, comprometéndose, no caso de non chegar ó mínimo de horas establecido, a abona-la diferenza entre as horas mínimas establecidas e as horas realizadas.

O pago realizarase por períodos mensuais previa presentación da nota de cargo por parte da Cruz Vermella Española que deberá ser conformada polos representantes municipais responsables do programa e corresponderá ás horas efectivamente realizadas no mes anterior.

Os días 15 de cada mes efectuarase un adianto á liquidación mensual, consistente en 50.000€.

DECIMO TERCEIRA:

O Concello de Vigo resérvase a facultade de solicitar cantas subvencións ou axudas considere convenientes para o abono do servizo, incluíndo o percibo do prezo público pola prestación sen que en ningún caso repercuta total ou parcialmente na Cruz Vermella Española.

E en proba de conformidade as partes asinan o presente convenio na data indicada, facendo expresa mención de que o mesmo substitúe ó que rematou o pasado 31 de decembro.

40(1699).- ADXUDICACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS DE REPARACIÓN DE HUMIDADES E OUTROS NO MERCADO DA PEDRA. EXPTE. 42662/250.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Antecedentes

A Xunta de Goberno Local en sesión de 13.12.04 acordou declarar deserto o procedemento negociado para a contratación das obras de reparación de humidades no Mercado da Pedra e iniciar un novo procedemento de negociado para a contratación das obras.

O titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local con data 20.12.04 certifica que durante o prazo para a presentación de ofertas sinalado no oficio da Oficina de Contratación, sen publicación de anuncio, presentouse soamente unha oferta a nome de Oreco S.A.

A Mesa de Contratación en sesión do 20.12.04 procedeu á apertura da documentación presentada admitindo a oferta e pasándoa ao Area de Servizos Xerais para que emita informe e proposta á Xunta de Goberno Local.

O enxeñeiro xefe de Vías e Obras, o 20.12.04, emite informe conformado polo concelleiro da Área de Servizos Xerais formulando a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O expediente está intervido e conformado pola interventora xeral.

Acordo

A Xunta de Goberno Local, de conformidade coa devandita proposta, acorda:

Adjudicar a ORECO, S.A. a execución das obras do proxecto “Reparación de humidades no Mercado da Pedra nos términos establecidos nos pregos que serviron de base no procedemento de contratación e, en particular:

- A) O presuposto de adjudicación será de 58.143,46 €, o que supón una baixa sobre o presuposto base de licitación de 58.435,64 € dun 0,5 %.
- B) O prazo de execución será de 45 días e o prazo de garantía será de dous anos, todo iso de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares.

41(1700).- CORRECCIÓN DE ERRO NO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 22.11.04 SOBRE CONCESIÓN DE SUBVENCIONS A ASOCIACIONES XUVENÍS. EXPTE. 1061/336.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 20.12.04, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, que di o seguinte:

Detectado un erro na transcripción do acordo da Xunta de Goberno Local de data 22 de novembro do presente ano, en relación ó expediente 1061/336, relativo a Proposta de concesión de subvencions a Colectivos Xuvenís, proponse á Xunta Local de Goberno a rectificación do acordo nos seguintes termos, tal e como aparece no informe proposta de data 2 de novembro do presente ano:

“1º.- Que se rectifique o acordo da Xunta Local de Goberno de data 22 de novembro do 2004, relativo á proposta de concesión de subvencions a colectivos xuvenís, dado a existencia dun erro na súa transcripción, e que se aprobe tal e como aparece a continuación:

Que se aprobe a concesión dunha subvención para a realización das seguintes actividades ás entidades que de seguido relaciónanse e nas contías determinadas na seguinte taboa:

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	PROPOSTA DE CONCESIÓN
FORO DAS UTOPIÁS	G- 36936086	Campaña de prevención de drogas	700 €
A.V.C.R. SAN MAMEDE DE ZAMÁNS	G- 36691855	Karraskal Rock IV edición	950 €

ASOCIACIÓN	CIF	ACTIVIDADE	PROPOSTA DE CONCESIÓN
ASOCIACIÓN XUVENIL DO C.S.C.R. DE BEADE	G – 36.851.806	Magosto e festa de San Xoán	950 €
ASOCIACIÓN BENÉFICA BEIRAMAR DE VIGO	G – 36.634.608	Obradoiros de pintura, estudio solidario .	250 €
ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CANCER (AECC)	G- 28197564	Obradoiros do Clube de xoves pola saúde.	750 €
ASOCIACIÓN XUVENIL CAMIÑO VELLO	G – 36.709.111	Cociña en coia para xoves	950 €
ASOCIACIÓN XUNTANZA XUVENIL DO C.V.C. VALLADARES	G – 36.744.951	Cursiños de informática, xardinería, música por ordenador....	850 €
SOCIEDADE CULTURAL, DEPORTIVA E RECREATIVA HELIOS	G 36633428	Excursións, festas, torneos, viaxes para xoves ata 30 anos	600

Acordo

A Xunta de Goberno aproba a proposta contida no precedente informe.

42(1701).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás trece horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez